

ATENEA

[Revista trimestral do Ateneo Ferrolán (Membro de A.I.F.A.) · Abril - Maio - Xuño 2006]

MANIFESTO DOS PROFESIONAIS DE URXENCIAS E EMERXENCIAS DA ÁREA DE FERROL:
OS PERIGOS DA UBICACIÓN DA PRANTA DE GAS

FALAMOS DE:
EULOXIO RUIBAL NA REAL ACADEMIA GALEGA
EUROPA CONDENA O FRANQUISMO!

Ciclo: Cine e Sociedade I

Letras Galegas 2006:
Manuel Lugrís Freire

ARTIGOS:
O Gas en Ferrol (1883-1898)
por Mercedes Arroyo

As prazas e recantos de Ferrol
por Juan J. Burgoa


1931-2006
75º ANIVERSARIO DA II REPÚBLICA ESPAÑOLA

nº 23

OUTRAS ENTIDADES, SERVICIOS, BREVES, LEMBRANZAS, MULLER, TEATRO, O PARNASO ...
e a PROGRAMACIÓN DO TRIMESTRE

r/ Merced, 11 · 15401 - FERROL · Teléfono: 981 35 26 25 Fax: 981 35 23 62 Telf. Lonja-Gándara: 981 31 44 35

CONFRARÍA DE PESCADORES
- FERROL -





ATENEA
Revista trimestral do
ATENEO FERROLÁN
Nº 23
Abril-Maio-Xuño
2006

DIRECCIÓN E COORDINACIÓN
ATENEO FERROLÁN

REDACCIÓN E ADMINISTRACIÓN
Rúa Magdalena, 202, 1º
FERROL

Tlfnos.
981 35 79 70 / 981 35 40 98

Fax
981 35 40 98

E-mail
a_ferrol@teleline.es

WEB
www.ateneoferrolan.org

ISSN
1575-9679

Depósito legal
C-1937/99

O Ateneo Ferrolán é membro integrante de A.I.F.A. (Asociación Iberoamericana y Filipina de Ateneos).

O Ateneo Ferrolán respeta a liberdade de expresión e opinión do contido dos artigos, sendo a responsabilidade dos mesmos de cada un dos seus autores



CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA
María Xosé Villar Corral
DESEÑO E MAQUETACIÓN
Ateneo Ferrolán
ILUSTRACIÓNS e CABECEIRAS
Leandro, Juan de la Fuente

COLABORACIÓNS
Ricardo Pena, Isabel Lodeiro Vales, Juan J. Burgoa, Carlos Piñeiro, Bruno Lopes Teixeiro, Mercedes Arroyo, Javier Couso Permuy, Xosé Leira, Luis Sepúlveda

Agradecementos as empresas publicitadas pola súa confianza:
BODEGA 147, MESÓN "O ESCUDO", CERVECERÍA REPÚBLIKA, A ESCOLA DA VACA, MOLDURAS COBELO, SARGADELOS, FOTOS JOSBE, VIAJES PACO, LIBRERÍA DEL CAMPUS, CONFRARÍA DE PESCADORES DE FERROL, CENTRAL LIBRERA, JOYERÍA JENARO

Un saúdo á riqueza espiritual, inmaterial e cívica da nosa FERROLTERRA:

O ASOCIACIONISMO

Ademais das xa históricas Real Coro Toxos e Froles, Club de Campo, Liceo Rubia Barcia, Medulio, Ateneo Ferrolán, SGHN, Adega, Club de Montaña,... e outras, nos derradeiros anos veñen xurdindo grupos, sociedades, agrupacións: Foro Ferrol Futuro, Grupo Arqueolóxico Terra de Trasancos, Comunidade Menáncaro, Lefre de Caldereta, Colectivo OPAII, Plataforma pola Defensa Patrimonial e Natural dos Montes de Brión, Comité Cidadán de Emerxencia para a Ría de Ferrol, Asociacións Veciñais incluídas as divisións ou escisións (á marxe dalgunhas motivacións) e moitas máis, unhas funcionando e outras en proceso de constitución. Sinais irrefutables da viveza da nosa cidadanía.

Sabemos de atrancos, desprezos e algunhas cambadelas dalgúns "políticos" cara a estes movementos sociais, pola nosa banda (o ATENEO) SAUDAMOS con ledicia e optimismo esta proliferación de iniciativas e de asociacións para a defensa ou desenvolvemento de actividades e como ben é sabido ofrecemos o que temos para axudar a que todas estas iniciativas, inquietudes e inquedanzas poidan desenvolverse e acadar os seus obxectivos se son xustos... e se teñen imperfeccións ou erros de partida, a sociedade e os seus mecanismos, poñerán as cousas no seu sitio, pero sempre queda o positivo da participación cidadá e do acicate para institucións e administracións.

FELICITÉMONOS e ADIANTE ¡!!!!!!!!!!!

Con todo e despois de tantos anos escoitando e ouvindo falar da necesidade de achegamentos: "Da universidade á cidadanía e ó mundo empresarial i económico", "da Igrexa ó pobo de Deus", "dos gobernantes ós gobernados", etc, pasa o tempo, os tempos, e pouco pode constatarse de avance neses eidos.

Pasa coma nos distantes mundos de pobres e ricos, coma nas grandes áreas da fame e da miseria; non se reducen, aumentan as diferenzas, aumentan os desherdados, aumentan os que sofren e seguen as teimudas pretensións dos poderosos e dos desesperados de amañar as cousas a tiros... A ver se no noso mundo próximo, empezamos de verdade a tentar entendernos todos e todas, TODOS, FALANDO, FALANDO, aínda que ás veces haxa que servirse de intérpretes nesta España pluricultural e multisensible.

ATENEO FERROLÁN

CONVOCATORIA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA

Benquerido socio/a: Por medio da presente convocámoste á Asemblea Xeral Ordinaria que se celebrará no Salón de Actos da nosa entidade, o vindeiro venres día 12 de Maio ás 19,30 horas en primeira convocatoria e ás 20 horas en segunda, coa seguinte...


ORDE DO DÍA:

1.- Lectura e aprobación da Acta da Asemblea Xeral anterior.
2.- Informe de xestión da Xunta Directiva.
3.- Informe económico da Xunta Directiva.
4.- Obras Edificio Sede do Ateneo Ferrolán.
5.- Rogos e preguntas

Sen máis e agardando a túa asistencia, recibe un cordial saúdo da Xunta Directiva.


AS NOVAS INCORPORACIÓNS NA HEMEROTECA

PUBLICACIÓNS PERIÓDICAS




***Artez* Nº 107**
Ed. Artezblai
D.L.: SS-1154/1997

Está a disposición dos usuarios da hemeroteca as máis de 300 cabeceiras coas que contamos.




***Revista Cervantes* Nº 8**
Ed. Instituto Cervantes
D.L.: M-53928/2004



***Ferrolanálisis*. Nº 20**
Revista de pensamento y cultura
Ed. Club de Prensa de Ferrol
ISSN: 1576-4540

PRENSA
local, rexional, nacional e internacional

Diario de Ferrol
La Voz de Galicia
Galicia Hoxe
El Correo Gallego
A Nosa Terra
Faro de Vigo
La Opinión de A Coruña
El País
El Mundo
Le Monde Diplomátique



***Escaramuza* Nº 20**
Ed. Asociación de actores, directores e técnicos de escena en Galicia
D.L.: C-2483/2000

QUEREMOS AGRADECER ÁS SEGUINTES PERSOAS E INSTITUCIÓNS AS IMPORTANTES DOAZÓNS EFECTUADAS PARA A NOSA BIBLIOTECA-HEMEROTECA:

MARTA GONZÁLEZ
ARQUIVO DA ZONA MARÍTIMA DO CANTÁBRICO
GERMAN PÉREZ
FAMILIA PIÑÓN DÍAZ

AS NOVAS INCORPORACIÓNS NA BIBLIOTECA

NOVIDADES BIBLIOGRÁFICAS



A obra narrativa en galego de Manuel Lugrís Freire
Xabier Campos Villar
Ed. Centro Ramón Piñeiro
D.L.: C-249/2006




Meniña de cristal
Iria López Teijeiro
Ed. Biblos
D.L.: C-2794/2005
I Premio Biblos-Pazos de Galicia



La sección de temas locales en la biblioteca
Juan José Fuentes Romero
Ed. Trea
D.L.: As-62/2005

ESTÁ A DISPOSICIÓN DOS USUARIOS DA BIBLIOTECA, O CATÁLOGO INFORMATIZADO CON MÁIS DE 7.000 VOLÚMENES.



Cruces, cruceiros e petos do camiño portugués en Galicia
Juan José Burgoa Fernández
Ed. Asociación galega para a cultura e a ecoloxía
D.L.: VG-1247/2005



Vellos tempos. A festa de aniversario
Harold Pinter
Ed. Xerais
D.L.: VG-198/1999
Premio Nobel de Literatura 2005




Colección diplomática medieval do arquivo da catedral de Mondoñedo
Enrique Cal Pardo (ed.)
Ed. Consello da cultura galega
D.L.: LE-2005/2005

ESTÁ A DISPOSICIÓN DOS SOCI@S OS FONDOS DA

VIDEOTECA

con máis de 50 curtametraxes, obras de teatro, documentais, música...
E máis de 200 longametraxes, dende os clásicos ata o cine máis actual



A.N.D.R.E.A. ASOCIACIÓN NACIONAL PARA A DEFENSA, RECUPERACIÓN E ESTUDO TERAPÉUTICO DA RAZA ASNAL



Lugar de Couso nº.6
36692 Curro. Barro.
Pontevedra.
Tel.: 669 050 970

A.N.D.R.E.A., é unha asociación sen ánimo de lucro orientada á defensa, recuperación e estudo terapéutico da raza asnal e cuxo principal obxectivo é ***a mellora da calidade de vida tanto dos burros como das persoas (nenos, adolescentes, adultos e maiores).***

ANDREA ten tres liñas de intervención:
1. O Centro de Acollida de Burros vellos, abandonados e/ou maltratados.
2. O Centro de Asinoterapia.
3. O programa de Recuperación do burro, os seus usos e labores no Medio Rural.

O Centro de Acollida –despois da rehabilitación dos burros– acolle, selecciona e adestra a aqueles animais que polas súas características mellor se adaptan ás actividades do Centro pioneiro en España de **Terapia Asistida con Burros.**

Este é outro obxectivo prioritario de A.N.D.R.E.A.: integrar ó burro na sociedade, atopándolle un novo lugar na actualidade. Máis de 128 investigacións científicas demostraron que este gran amigo do xénero humano desempeña un papel importante no aspecto emocional e psicolóxico das persoas.

O Centro de Terapia Asistida con Burros diríxese tanto a nenos e nenas con necesidades especiais relacionadas con ansiedade, estres, depresión, hiperactividade, fracaso escolar, trastornos da alimentación, fobias, agresividade, problemas de comunicación e/ou expresión emocional, etc.. como a nenos e nenas con discapacidade física e/ou mental.

Outra boa noticia é que nos próximos días esperamos o nacemento do primeiro burriño/a dunha burra que a asociación rescatou de servir de comida para animais salvaxes, e posteriormente rehabilitou para a terapia con nenos e nenas con dificultades, necesidades especiais ou discapacidade física e/ou mental. Esta burra atópase agora en perfecto estado de saúde, ben alimentada e cos coidados veterinarios que require.

De novo é unha boa ocasión para que os medios de comunicación contribúan ao labor de sensibilización da opinión pública ante a situación de desamparo na que se atopan estes animais, e da posibilidade de que aquelas persoas que non poidan seguir coidando do seu burro ou burra, poidan acudir a este Centro de Acollida.

Se necesitasen máis información, poden poñerse en contacto con nós no teléfono 669.050.970.



CINE E SOCIEDADE (I)


Por ISABEL LODEIRO VALES











De arriba a abaixo: Robert Benton, Billy Wilder, Jaime Camino, Ken Loach, María Medeiros, Rouben Mamoulian e Stanley Kramer

Para os meses de abril e maio dende o Ateneo Ferrolán propoñémosvos o ciclo de cine «Cine e Sociedade», onde a través de sete filmes imos poder analizar diferentes aspectos do ser humano en tanto construtor social.

Así, o primeiro dos filmes que imos proxectar é o de **Kramer contra Kramer** (EE.UU., 1979) de Robert Benton (EE.UU., 1932), no que podemos analizar o papel que xoga a familia (ou o que xogan as nosas familias) en tanto que é a primeira institución coa que temos contacto, na que crecemos e da que aprendemos cousas tan importantes como son os afectos, normas de convivencia, valores, etc. Este filme é xa un clásico sobre a vida dun matrimonio que inicia os trámites de separación, analizando as consecuencias desastrosas que iso ten para o seu fillo pequeno.

Outro aspecto que imos analizar é o camiño ó que parece que nos conduce inevitablemente a sociedade que é o do éxito pois, continuamente estamos sendo bombardeados mediaticamente para acadalo; a pregunta que se deriva disto é se a xente que consegue o éxito é feliz ou se este é algo superior ó concepto de ter e, en cambio, pode estar superposto ó concepto de virtude significando este o de dar o mellor de nós mesmos. Todas estas cuestións podemos velas moi ben no filme **La Reina Cristina de Suecia** (EE.UU, 1933) de Rouben Mamoulian (Georgia, 1987-California, 1987).

Pasando a outro tipo de cuestións, cómpre dicir que se algo caracteriza ás sociedades contemporáneas e, á occidental sobre todo, é o progreso, os cambios acelerados nos modos de vivir, todos estes temas podemos observalos moi ben no filme español **Surcos** (España, 1951) de Juan Antonio Nieves Conde (Segovia, 1915), onde observamos como eran os modos de vida dos que foron os nosos avós alá polos anos corenta ou cincuenta do século pasado e, confrontala coas de hoxe en día para tratar de concluír en que consiste o tan mencionado progreso. O filme relátanos a vida dunha familia de campesiños que se ve obrigada a emigrar, na maior emigración española, atraída polas luces da cidade na que, sen embargo, atoparán a pobreza e a corrupción.

Proseguindo co tema das sociedades contemporáneas outra das características que as caracterizan é a industrialización masiva, feito que conleva a convivencia de moita xente mais, ó mesmo tempo,e o que é peor, o sentimento de soidade porque as relacións humanas son máis frías, distantes, superficiais coas consecuencias que se derivan disto para o ser humano; se antes viviamos en vilas onde todos nos coñeciamos e iso dábanos un sentido de unidade, de pertenza, todo iso vese esgazado cos novos modos de vida como sabiamente soubo analizar o mestre Billy Wilder (Austria, 1966-California, 2002) en **El apartamento**.

Outro dos temas que podemos analizar en canto ás relacións entre os humanos é o do poder en tanto que é algo necesario e tentador e, ó

Véxase:
Pérez Adan, José (ed.): *Cine y Sociedad. Prácticas de Ciencias Sociales*. Ed. Internacionales Universitarias. Madrid, 2004.

«... se antes viviamos en vilas onde todos nos coñeciamos e iso dábanos un sentido de unidade, de pertenza, todo iso vese esgazado cos novos modos de vida como sabiamente soubo analizar o mestre Billy Wilder».





Greta Garbo no papel de raíña Cristina de Suecia


mesmo tempo, aborrecible porque ten que quedarnos moi claro que tipo de poder desexamos ou queremos exercer. A través do filme **El juicio de Nuremberg, ¿vencedores o vencidos?** (EE.UU., 1961), de Stanley Kramer (EE.UU., 1913-2001), vemos analizadas estas posturas sobre a base de que quen vence na guerra vese co poder sobre de quen a perdeu mais, ¿quen xulga ós que venceron porque, nunha guerra os dous bandos cometen atrocidades?

Proseguindo e, como non podía ser doutro xeito, neste ciclo non queremos esquecernos do prolífico Ken Loach (Inglaterra, 1936) para o cal escollemos o seu filme **Lloviendo piedras** (Gran Bretaña, 1993) o cal vainos servir de base para analizar o uso do tempo nas sociedades capitalistas e os traballos modernos que delas se derivan e que nos poden escravizar ata tal punto de non ser case persoas coas consecuencias que de iso se derivan como por exemplo a de non autorrealizarnos como diría Maslow.

Xa para rematar, imos analizar unha das características esenciais ó ser humano que conforma a súa vida cotiá; trátase da perfección que pretendemos alcanzar ás veces para conseguir a virtude (que é dar o mellor de nós mesmos) o cal ensálzanos ó conseguilo e convértenos en ser amor ó dar o amor que temos dentro de nós. Estes valores da virtude, do amor é algo que podemos observar no filme **Matar a un ruiseñor** (EE.UU., 1962) de Robert Mulligan (EE.UU., 1925), que é un canto á inocencia.

FÓRA DO CICLO

Dende o Ateneo Ferrolán e dentro do ciclo de cine «Martes de cine», queremos sumarnos ós acontecementos que caracterizan ó mes de abril que son o día da proclamación da segunda República, o 14 de abril para o cal eliximos o filme **Los niños de Rusia** (España, 2001) de Jaime Camino (Barcelona, 1936), na que se analiza a vida dos nenos nacidos baixo a República e que tralos acontecementos do ano 1936 emprenderon unha longa viaxe fóra de España e cara a outros países; deles arredor de tres mil nenos viaxaron cara a Rusia, nunha viaxe que se ben nun principio ía ser dunha curta estadía, converteuse nunha longa peregrinaxe de máis de vinte anos como nos contan no filme os seus participantes, hoxe en día xa septuaxenarios. Consideramos que este feito histórico é moi pouco coñecido polo que cremos importante destacalo.





Jaime Camino e María Medeiros


Outra das citas que queremos rememorar é a dos feitos que tiveron lugar entre a noite do 24 ó 25 de abril de 1974 en Portugal, máis coñecida coma a Revolución dos Claveis; este feito é analizado no filme **Capitanes de abril** (Portugal, 1997) de María Medeiros (Lisboa, 1965), no que se contan os feitos desta singular Revolución que propiciou o derrocamento do réxime dictatorial máis antigo de Europa iniciado por Salazar en 1933.



CON ORGULLO, CON MODESTIA E CON GRATITUDE... MANIFESTO NO 75 ANIVERSARIO DA II REPÚBLICA

O 14 de abril de 1931, España tivo unha oportunidade. A proclamación da II República Española encarnou o soño dun país capaz de ser mellor ca si mesmo, e reuniu nun só esforzo a todos os españois que aspiraban a un porvir de democracia e de modernidade, de liberdade e de xustiza, de educación e de progreso, de igualdade e de dereitos universais para todos os seus concidadáns. Hoxe, setenta e cinco anos despois, os asinantes deste manifesto evocamos aquel espírito con orgullo, con modestia e con gratitude, e reivindicamos como propios os valores do republicanismo español, que seguen vixentes como símbolos dun país mellor, máis libre e máis xusto.

Fronte ó colosal impulso modernizador e democratizador que acometeron as institucións republicanas –sempre coa desleal oposición dos que crían, e seguen a crer, que este país é da súa exclusiva propiedade–, aínda se nos segue tentando convencer de que a II República foi un belo propósito condenado ó fracaso dende antes de nacer polos seus propios erros e carencias. Os asinantes deste manifesto rexeitamos radicalmente esta interpretación, que só pretende absolver ó xeneral Franco da responsabilidade do golpe de estado que interrompeu a legalidade constitucional e democrática dunha república sostida pola vontade maioritaria do pobo español, coas tráxicas consecuencias que todos coñecemos. E esiximos que as institucións da actual democracia española rompan de maneira definitiva os lazos que a seguen a unir –dende os rueiros dos municipios até os contidos dos libros de texto– cun estado ilexítimo, que xurdiu dunha agresión feroz contra os seus propios cidadáns e sostívose no poder durante trinta e sete anos mediante o abuso sistemático e indiscriminado dos sinistros recursos que caracterizan a pervivencia dos réximes totalitarios. Despois de trinta anos de liberdades, resulta vergoñoso ter que lembrar aínda onde estaba a lei e onde estivo o delicto. A estas alturas, é intolerable, e moi perigoso para a saúde moral e política do noso país, que aínda se pretenda equiparar ó goberno lexítimo dunha nación democrática coa facción militar que se sublevou contra o estado ó que, polo seu honor, xuraran defender, e cuxa vitoria só foi posible grazas á axuda dos réximes fascista e nazi que preparaban unha invasión de Europa que acabaría provocando unha guerra mundial e, aínda máis decisivamente, grazas á culpable indiferenza das democracias occidentais, que, antes de converterse en vítimas das mesmas potencias en cuxas mans abandonaran a España, elixiron parapetarse tras o hipócrita simulacro de neutralidade que representou o comité de Non Intervención de Londres.



«A proclamación da II República Española encarnou o soño dun país capaz de ser mellor ca si mesmo, e reuniu nun só esforzo a todos os españois que aspiraban a un porvir de democracia e de modernidade, de liberdade e de xustiza, de educación e de progreso, de igualdade e de dereitos universais para todos os seus concidadáns».



O 14 de abril de 1931, España tivo unha oportunidade, e os españois aproveitárona. Pese á brevidade da súa vida, a II República desenvolveu en múltiples campos da vida pública un labor inxente, que asombrou ó mundo e situou ó noso país na vangarda social e cultural. Entre os seus logros, bastaría citar a reforma agraria, o sufraxio feminino, os avances en materia lexislativa de toda índole, o desenvolvemento dos diversos Estatutos de Autonomía, a separación efectiva de poderes, as constantes e modernísimas iniciativas destinadas a difundir a cultura até nas comarcas máis remotas, o decidido impulso da investigación científica ou o florecemento exemplar non só da educación, senón tamén da asistencia sanitaria pública, para demostrar que aquel belo propósito xerou belísimas realidades, que terían sido capaces de cambiar a vida dun pobo condenado á pobreza, a submisión e a ignorancia polos mesmos poderes –os grandes propietarios, o Exército e a xerarquía da Igrexa Católica– que se apresuraron a mutilalo de toda esperanza.

A República dotou ós sectores máis débiles e desprotexidos da sociedade de entón, as mulleres e os nenos, dun estatuto xurídico privilexiado na súa época. O retroceso foi tan brutal, que o cambio de réxime supuxo para elas, para eles, a perda de todo dereito e a súa consagración como subcidadáns dependentes da boa vontade dos cabezas das súas respectivas familias. A República apostou pola defensa dos espazos públicos como escenario fundamental da vida española, asumindo a necesidade de equiparar as condicións de vida das poboacións rurais e urbanas, e desenvolvendo políticas de igualdade non só entre os individuos, senón tamén entre as rexións máis e menos prósperas. O retroceso foi tan brutal, que o cambio de réxime consolidou as desigualdades históricas tanto individuais como colectivas, e abandonou a promoción dos servizos públicos para crear un déficit que nalgúns sectores, como a educación primaria e secundaria, seguimos padecendo aínda. A República fomentou o auxe da cultura española en todos os terreos da creación artística e da investigación científica, o debate intelectual e a vida universitaria, até o punto de que o seu nome e o seu destino estarán unidos para sempre á memoria do máximo esplendor cultural do que gozou o noso país na era moderna. O retroceso foi tan brutal, que o cambio de réxime supuxo a perda máis tráxica que, á súa vez, soportou nunca a cultura española, o exilio masivo dos mellores, que deixaron as aulas e os laboratorios, os talleres e as redacións, as editoriais e os museos, a autoridade e o prestixio intelectual do noso país, en mans dunha improvisada colleita de oportunistas e segundóns, que reduciron a vida cultural española a unha lamentable manifestación de mediocres escuridades.

> «Queremos propoñer que o día 14 de Abril se celebre no sucesivo; como un recoñecemento oficial a todos os cidadáns españois que loitaron activamente pola liberdade, a xustiza e a igualdade».

Hoxe, setenta e cinco anos despois, os asinantes deste manifesto non queremos seguir lamentando a triste brutalidade daquel retroceso, senón celebrar a emocionante calidade dos logros que lle precederon, e agradecer a ambición, a coraxe, o talento e a entrega dunha xeración de españois que creu en nós ó crer no futuro do seu país. Reivindicar a súa memoria é crer no noso propio futuro, que será proporcionalmente mellor, máis libre, máis xusto, máis feliz, na medida en que sexamos capaces de estar á altura da tradición republicana que herdamos. Por unha España verdadeiramente moderna, laica, culta, igualitaria, pola súa definitiva normalización democrática, e polo progreso harmónico do benestar de todos os seus cidadáns, hoxe, setenta e cinco anos despois, queremos celebrar o 14 de abril de 1931, e propoñer que esta data se celebre no sucesivo como un recoñecemento oficial a todos os cidadáns españois que loitaron activamente pola liberdade, a xustiza e a igualdade, valores comúns que teñen que seguir orientando a construción democrática da sociedade española. 

EULOXIO RUIBAL INGRESA NA REAL ACADEMIA GALEGA

EULOXIO RUIBAL INGRESA NA REAL ACADEMIA GALEGA

Euloxio Ruibal ingresou o día 24 de marzo como membro numerario da RAG para cubrir a vacante do historiador Meixide Pardo, e devolveralle á centenaria institución o interese polo devir escénico do país.

O seu discurso, titulado 'Do escénico e o fílmico. Notas sobre a linguaxe teatral no cinema contemporáneo' é unha chamada á independencia creativa: ... «Nestes tempos que nos tocou vivir, precisamos máis que nunca a conquista e implantación dun novo humanismo, dunha nova ética (...), no seo dunha verdadeira democracia que permita o desenvolvemento da autonomía individual e colectiva».



Afondar no xeito en que «o medio escénico é actualmente fundamental na renovación e experimentación do cinema de novas formas de expresión», é para Euloxio Ruibal sobre todo, unha forma de comezar a reivindicar a importancia do teatro: esa arte «que se diferenza do resto polo seu compoñente vivo, que permite un contacto e unha retroalimentación que non desaparecerá nunca, por moi en crise que estea».

Fala de crise porque –»escéptico mais non pesimista»–, Euloxio Ruibal considera que «a nosa loita a prol do teatro, da lingua ou da identidade galega en xeral ten que partir necesariamente da análise da realidade», unha realidade que, ao seu ver, «en Galicia como no resto de Occidente, ten o seu principal problema na identidade».

Así, as dificultades de supervivencia da cultura galega, «entendida como idiosincrasia», son para Ruibal, reflexo da loita xeral «por conservar a identidade, a colectiva e tamén a individual», fronte «aos múltiples mecanismos que os poderes dispoñen para uniformizarnos».

O dramaturgo vai máis alá e afirma que «a vida no planeta está planificada polo capitalismo, como antes o estivo co nazismo» aínda que, «afortunadamente, por moitos medios que teña o sistema para facelo, sempre hai factores imprevistos que nos poden beneficiar».

É a ese sistema ao que lle interesa que teñamos «unha identidade difusa e maleable, tanto persoal como colectiva, pero esta sobre todo», e o que «nos intenta confundir, por exemplo, falando despectivamente dos nacionalismos, dicíndonos mesmo que un nacionalismo humanista como o noso é bárbaro». 

UN ESCENARIO PARA CADA GALEGO

Autor dunha avultada obra teatral, Euloxio Ruibal é un autor pouco representado pola complexidade da súa dramaturxia.

El é, xunto con Roberto Vidal Bolaño e Manuel Lourenzo, un dos renovadores do teatro galego nos 70, coa chamada xeración Abrente. Este premio obtívoo no ano 75 con *Zardigot*, a súa primeira obra e a máis coñecida.

Daquel entón garda Euloxio Ruibal o soño dun teatro galego que chegue a todas as capas sociais, especialmente ás populares que menos o frecuentan. Suxire polo tanto a necesidade de achegar a escena galega –que é case sempre mellor da que traen de fóra a «provincias», di– á cidadanía, e en troques de «agardar a que todos vaian ao Teatro Principal», achegar a escena ás bisbarras, ás vilas e aldeas, e levala aos pavillóns, os centros culturais», convencido de que, «quen ve o teatro por primeira vez queda marabillado e quere repetir».

Ruibal reivindica valentía para dotar de prestixio a lingua



Ateneo Ferrolán



FRANCISCO VÁZQUEZ, O HOMEM DO IMPÉRIO NA GALIZA

por Bruno Lopes Teixeiro*

«... chegou a dizer que a Corunha devia ser a capital da "Comunidade Autónoma" porque era menos galega "e mais universal", como se ser galego fosse antitético de ser universal».

Há quem o define como um vice-rei espanhol na América colonial, também há quem o prefere igualar com um ditador de república bananeira, os mais benévolos simplesmente lhe chamam díscolo, e os detractores mais bem situam-no entre a figura do tirano e o papel do bufom.

Contam as línguas mais soltas da esquerda que aterrou no PSOE galego procedente de sendeiros bastante mais à direita e, quem conhece o mundo sindical, afirma que sabe de algum que outro conflito onde, ainda exercendo as suas funçons de inspector de trabalho, o critério da nossa personagem andava tam perto dos interesses do patronato que ao delegado do governo espanhol na Galiza nom lhe ficou mais alternativa que o desautorizar e emendar-lhe a plana.

Dizem que chegou à presidência da Cámara Municipal da Corunha graças às suas artes pouco nobres, que se apoiou na UCD para derrubar o primeiro presidente municipal nacionalista de umha cidade galega. Também dizem que era a direita sociológica o seu principal colchom eleitoral e havia quem o assinalava como o candidato perfeito para o PP.

Ele diz que é socialista e católico praticante, também se sabe que é membro do Opus Dei. Declara-se republicano e *juancarlista*. E ante tudo corunhesista. Pablo Gonçalves do Peso tem nele um fiel continuador da sua peculiar causa.

É umha figura polémica, dizem as vozes mais comprazedoras. Os que o julgamos do rigor dos seus actos e a sua trajectória, afirmamos que por cima do polémico do seu palavrório destaca o inequívoco dos seus actos, que descrevem um recto caminho na defesa dos interesses daqueles que mais tenhem; o capital, a Igreja e o estamento militar espanhol sempre flanqueavam as suas fotos, os excluídos do banquete sempre sofriam as suas injustiças.

Durante o seu mandato foi construindo umha imagem da cidade da Corunha totalmente antitética do que realmente é. Um dos berços do galeguismo, umha cidade que foi cenário de valentes luitas operárias e de umha intensa actividade sindical, foi-se convertendo num bastiom de reaccionarismo social e cultural, umha vilinha provinciana, clerical, militarista e que arrenegava da sua condiçom de galega. E, de essa mesquinha caricatura de cidade, era que o senhor Vasques vinha reclamando a capitalidade da Galiza.

Numha curiosíssima quadratura do círculo, este caudilho patético chegou a dizer que a Corunha devia ser a capital da "Comunidade Autónoma" porque era menos galega "e mais universal", como se ser galego fosse antitético de ser universal. Nom é de estranhar, com esses esquemas de pensamento, que sejam os piores inimigos da Galiza os que defendem Francisco Vasques como "o melhor alcalde que tivo nunca a Corunha". O presidente da cámara que fechava fábricas e abria hotéis e centros comerciais fazia as delícias dos que vivem do conto, mas será a ruína do povo trabalhador.

Umha das suas mais pitorescas facetas é a de inflexível defensor da Constituiçom Espanhola, sobretudo quando nom é ele quem a tem que cumprir. Quando essa mesma constituiçom lhe diz que tem que respeitar o topónimo oficial da cidade que governa, entom é a constituiçom a que erra, nom ele quem a incumpre. Quando essa mesma constituiçom lhe diz que ele é um presidente de um concelho que à sua vez é umha instituiçom de um estado aconfissional, entom é a constituiçom também a que anda despistada, já se arranjará o pequeno despiste enquanto o arcebispo Julián Barrio passa por caixa a cobrar os 75.000 euros das missas por Wojtila. No único que é rígido este pequeno fhürer é em fazer o que a sua vontade lhe ditar.

Francisco Vasques, esta singular personagem, estivo a aquecer o cadeirom municipal durante vinte e três anos, mas a sua escalada ao selecto clube dos ricos estava a deixar um regueiro de pistas polo caminho que figérom conveniente umha troca na sua vida. Provavelmente, a responsabilidade de ter que amassar e obstentar tanto património ganhado de maneira tam duvidosa estava a desorientar um bocado este ilustre político, por isso o seu amigo Zapatero lhe arranjou um refúgio onde se recompor da vida tam agitada que levou. Quem sabe que novas aventuras terá alô, entre as mitras romanas.

* Militante de NÓS-Unidade Popular na Comarca de Trasancos

LETRAS GALEGAS 2006

MANUEL LUGRÍS FREIRE

(1863-1940)



Naceu en Sada en 1863 e con vinte anos emigrou a Cuba. Na Habana foi elixido membro da xunta directiva do Centro Galego e fundou e dirixiu o primeiro xornal americano redactado totalmente en galego: *A gaita gallega* (1885-1889). Alí publicou o seu primeiro poemario (*Soidades*, 1894), prologado por Curros Enríquez, e escribiu a súa primeira obra dramática: *A costureira da aldea.* De volta á Galiza en 1896, instalouse na Coruña e proseguiu o cultivo da literatura, editando en 1901 *Noitebras*.

Relacionado cos rexionalistas herculinos, Lugrís tomou parte en todas as actividades galeguistas da altura. Así, foi o primeiro en utilizar nun mitin a lingua galega e figurou entre os patrocinadores da Escola Rexional de Declamación (1903), da que sería presidente. Desde este momento, a maior preocupación de Lugrís foi a de fornecer de textos á nova entidade, todos eles cunha forte carga reivindicativa e rompedores co costumismo imperante. Tras a presentación da Escola cunha peza de Salinas, a totalidade dos espectáculos realizados polo cadro contaron con títulos da súa autoría: *A Ponte* (1903), *Minia* (1904) e *Mareiras* (1904).

Alén de figurar como o primeiro escritor teatral en utilizar a prosa, é o máximo representante do teatro social ou de tese.

Mais porén, Lugrís deixaría definitivamente o teatro e retomaría a creación poética. Tamén asinou (co pseudónimo Asieumedre) numerosos relatos breves que serían compilados en 1909 no volume Contos de Asieumedre e aínda publicaría unha *Gramática do idioma galego* (1922).

En 1923 ingresou no Seminario de Estudos Galegos cun discurso sobre Pondal. A Real Academia nomeouno presidente en 1934, posto ao que renunciaría un ano máis tarde por problemas de saúde. Nesa década, colaborou, así mesmo, na redación do anteproxecto do Estatuto de Autonomía.

Tras o conflito bélico, que provocou a persecución da actividade galeguista, Manuel Lugrís morreu na Coruña en 1940.

OBRA:
A festa de Tacón
A obra narrativa en galego de Manuel Lugrís Freire
A Ponte
Ardencias
As Mariñas de Sada
Contos de Asieumedre
Esclavitú
Estadeíña
Gramática do Idioma Galego
Mareiras
Minia
Noitebras
"Non máis emigración" (artigo en *A gaita gallega*)
O Pazo
Soidades
Versos de loita

Gramática do Idioma Galego
por
M. Lugrís Freire





THE ILLUSTRATED LONDON NEWS

O CONSELLO DE EUROPA CONDENA O FRANQUISMO

E INSTA A ESPAÑA A HONRAR AS SÚAS VÍTIMAS

Os representantes de 43 países propoñen o 18 de xullo como Día Internacional de Condena da Ditadura

¿QUE É O CONSELLO DE EUROPA?

O Consello de Europa é a organización política máis antiga do continente, foi creada en 1949, e aínda que é un organismo distinto á Unión Europea, ningún país se adheriu nunca á UE sen pertencer antes ao Consello de Europa. Está formado por 46 países, ten a súa sede en Estrasburgo e entre os seus obxectivos atópase a defensa dos dereitos humanos e a democracia parlamentaria.

EL PAÍS - España - 18-03-2006

A Comisión Permanente da Asemblea Parlamentaria do Consello de Europa aprobou o día 17 de marzo de 2006 e por unanimidade a primeira gran condena internacional do réxime franquista. Este organismo, no que están representados 43 países, incluída Rusia, insta ademais ó Goberno español a erixir monumentos en memoria das vítimas do franquismo, e a instalar unha exposición permanente no *Valle de los Caídos* para lembrar que o construíron presos republicanos. O Consello propón fixar o 18 de xullo de 2006 como data internacional de condena do franquismo. A resolución condena con firmeza as «múltiples e graves violacións» dos dereitos humanos cometidas en España entre 1939 e 1975.

A iniciativa tomada polo Consello de Europa foi acollida con satisfacción entre as asociacións de familiares de represaliados, que ven como este organismo se adianta ó Goberno español, que prepara unha lei de memoria histórica prometida fai un ano e medio e aínda non presentada. A decisión foi tomada grazas a un informe presentado polo maltés Leo Brincat. No seu documento, realizado co soporte técnico do historiador Paul Preston, detállanse as atrocidades cometidas polo aparato de represión franquista dende 1939 a 1975, cando morreu o ditador.

Trátase da primeira gran condena internacional contra o franquismo, xa que nos anos 40 a ONU só rexeitou o apoio de Franco ó nazismo.

A resolución fíxose sen vontade de reabrir feridas, pero si de dicir con autoridade, e por primeira vez, que o franquismo foi unha ditadura que conculcou todos os valores da convención europea de dereitos humanos. O Consello de Europa non pode dar lecións de como alcanzar a democracia nalgúns países e calar perante o franquismo.

A resolución aprobada pola comisión permanente comeza cunha «firme condena» das «múltiples e graves violacións dos dereitos humanos cometidos en España polo réxime franquista entre 1939 e 1975». O texto lembra que o Goberno español puxo en marcha unha comisión interministerial para «estabelecer un inventario completo dos crimes da ditadura de Franco», e confía en que o debate en marcha sirva para realizar un exame completo e profundo sobre os crimes do franquismo.

A asemblea tamén estabelece algunhas conclusións xerais que afectan a España: «A violación dos dereitos humanos non é un asunto interno. A comunidade internacional está tan afectada como os españois». «O coñecemento da historia é unha das condicións previas para evitar repetir os erros do pasado. Ademais, a formación moral e a condena dos crimes cometidos xoga un rol importante na educación das novas xeracións». O texto insta ao Executivo español, entre outras cousas, a abrir os arquivos civís e militares aos historiadores –a fundación Francisco Franco négase–, a abrir unha exposición permanente sobre a represión no *Valle de los Caídos* e a erixir monumentos ás vítimas do franquismo.





O Valle de los Caídos, construído por presos republicanos

UN RECOÑECEMENTO E UNHA FELICITACIÓN A CARLOS LAREO E A UN IMPORTANTE GRUPO DE PROFESIONAIS, MÉDICOS, BOMBEIROS, SANITARIOS, TÉCNICOS DE PROTECCIÓN CIVIL POLO SEU VALENTE E CLARO MANIFESTO.

MANIFESTO DOS PROFESIONAIS DE URXENCIAS E EMERXENCIAS DA ÁREA DE FERROL

"Os abaixo firmantes, ao ditado do sentido común, queremos expresar o noso convencimento persoal de que unha planta de gas, NON PODE UBICARSE nas proximidades de núcleos habitados, como é o caso de Reganosa fronte a Ferrol.

Se está xerando así, polo tanto, un RISCO INNECESARIO DE CATÁSTROFE, contra a que non caben plans de evacuación ou confinamento para a poboación, dado o seu elevadísimo e terminante poder destructor."

Seguen 111 sinaturas (061, bombeiros, Protección Civil e Servizos de Urxencias/UCI)

COMUNICADO A TODOS OS MEDIOS DE PRENSA (8 marzo 2006)

Os profesionais de urxencias e emerxencias queremos denunciar hoxe aquí, a título persoal, como primeiros intervinientes que somos en caso dunha catástrofe, o elevadísimo risco a que nos someten os promotores da Planta Regasificadora de REGANOSA, en Mugardos, entre os que se conta a Xunta de Galicia, poñendo fronte a Ferrol, unhas instalacións de almacenaxe e regasificación que en caso de accidente poderían acabar coa vida das 100.000 persoas que habitan na Ríaa !!!

Non se trata de esixir máis medios de prevención ou intervención, pois coa actual ubicación non caben máis medios nin plans externos de urxencia para a evacuación ou confinamiento da poboación. O único plan posible é reubicar a planta nun lugar afastado de núcleos urbanos, cousa que por outra banda xa esixe a lexislación actual, e que paradoxalmente, non se está cumprindo. Reganosa vulnera non só a lei, senón os principios máis elementais de avaliación de riscos para a poboación, e queremos denunciar que ante un probable accidente non haberá posibilidade de facerlle fronte.


Máis de 100.000 persoas do área de Ferrol están en perigo de morte por asfixia ou calcinación coa actual ubicación de Reganosa se se produce un accidente, ben sexa na planta regasificadora ou en calquera dos moitos buques gaseiros que entrarán en Ríaa. Todas as instalacións tecnolóxicas teñen riscos, pero o problema aquí é manifesto por estar enclavada practicamente dentro de núcleos urbanos.

NON CUESTIONAMOS A PLANTA DE GAS, SENÓN A SÚA UBICACIÓN ACTUAL.






Distancias ó peirao de Ferrol (imaxe da esquerda) e ó Arsenal (imaxe na dereita)







Imaxe superior: distancia ó núcleo principal de Mugardos. Imaxe inferior: distancia ó núcleo do Seixo

Por iso, hoxe aquí, viñemos a denunciar o seguinte:

• Non podemos e non debemos quedarnos calados fronte a este risco inconmensurable, e non o imos facer.

• Non imos mirar para outro lado, pois o risco estará sempre presente, día e noite.

• Non temos por qué tragarnos a política de feitos consumados que seguen os promotores e aplícannos os nosos dirixentes políticos,

• Non queremos aceptar que aquí todo vale, máis cando está sobre a mesa un risco de enormes consecuencias e innecesario.



Radios de distancia en Km

Xa que logo, NON CUESTIONAMOS A PLANTA DE GAS, SENÓN A SÚA UBICACIÓN ACTUAL.

Preguntámonos e queremos trasladar á prensa as seguintes preguntas:

1º **¿A quen beneficia o noso risco?**
Os intereses creados póñennos nun grave risco innecesario, pois existen outros lugares que ademais non vulneran a lexislación (RAMINP-LEI SEVESO II-DIA).

2º **¿Que plan de Urxencias Externas pode protexer a 100.000 persoas?**
¿Onde está a información de riscos á poboación?

3º**¿Pode un buque gaseiro saír de modo urxente cara ó mar aberto en caso de accidente?**
Están poñendo prezo ás nosas cabezas e o prezo chámase REGANOSA. O beneficio é para os fabricantes de electricidade e produtos químicos. A poboación só obtén contaminación, desemprego para 700 mariscadores e riscos para a vida na zona.

4º **¿Porque Reganosa obtén o beneplácito dos nosos gobernantes, cando está situando a Ferrol e comarca baixo este inmenso perigo?...**
Este é un tema que teñen que investigar os medios de comunicación deste país.
Ata agora a prensa non reflectiu os riscos PARA A COLECTIVIDADE que nos suscita REGANOSA. 




Fundación Curros Enríquez
A CASA DOS POETAS PRESÉNTASE ÓS CENTROS EDUCATIVOS



Con motivo da apertura definitiva da Casa dos Poetas ó publico, a Fundación Curros Enríquez comezou o envío de información a todos os centros de Galicia que imparten ensinanza secundaria obrigatoria e Bacharelato LOXSE.

Este é o inicio para acadar un dos principais obxectivos da Fundación e que xa sinalou Antonio Mouriño, Presidente da mesma, no seu discurso en febreiro con motivo da inauguración da exposición: "*31 artistas arredor de Xosé Luís Méndez Ferrín*": "que ningún alumno galego termine os seus estudios de ensino secundario sen ter pasado por Celanova e pola Casa dos Poetas".

FUNDACIÓN CURROS ENRÍQUEZ CELANOVA (OURENSE)



FALECEU XULIO ANEIROS,
VETERANO DIRIXENTE SINDICAL GALEGO

Xulio Aneiros Fernández naceu o 19 de agosto de 1916 en Valdoviño, A Coruña. Dirixente comunista e sindical en Galicia dende os anos corenta, foi detido e torturado pola policía franquista. Resultou gravemente ferido na mobilización dos estaleiros de marzo de 1972. Morreu o 17 de xaneiro.

Xulio Aneiros, veterano dirixente de Comisións Obreiras e do Partido Comunista de Galicia, faleceu o día 17 de xaneiro, en Ferrol, cidade na que desenvolveu todo o seu labor sindical e político.


Xulio Xermán Aneiros Fernández, contactou co movemento obreiro na Empresa Nacional Bazán, a actual Navantia, e xa en 1945 organizou as primeiras estructuras do PCE nos estaleiros militares. Un ano máis tarde foi dos promotores da folga do aceite, unha das primeiras protestas obreiras da posguerra.

En 1961 foi un dos dirixentes sindicais que se entrevistou en París co entón secretario xeral do PCE, Santiago Carrillo, para deseñar a estratexia de actuar internamente nos sindicatos franquistas que derivaría na creación de Comisións Obreiras.

Durante toda esa década, Aneiros foi detido e torturado varias veces pola policía, e en 1967, procesado polo Tribunal de Orde Público. Recén saído do cárcere, foi o líder da folga dos estaleiros de marzo de 1972, na que os obreiros tomaron Ferrol e os barcos da Armada chegaron a apuntar as súas baterías cara a cidade.


O día 10, nun enfrontamento coa policía nas Pías, no que morreron por disparos dous compañeiros seus, Amador Rey e Daniel Niebla, Aneiros recibiu un balazo que lle atravesou o peito. Foi dado por morto e despois, aínda convalecente, foi detido e procesado como instigador da protesta.


O veterano dirixente obreiro nunca renunciou aos principios que tiña abrazado de mozo. Con motivo dunha homenaxe organizada na



súa cidade pola asociación Fuco Buxán, ao que asistiron numerosas personalidades galegas de distintas sensibilidades políticas, Aneiros declaraba que lle seguía parecendo «intolerable que aínda houbese nenos e nenas que morran de fame».

A súa última aparición pública foi en setembro pasado nunha homenaxe convocada por Fuco Buxán a Carrillo no seu 90 aniversario.





VARIOS COLECTIVOS CELEBRARÁN UNHA HOMENAXE ÓS REPUBLICANAS E ÁS REPUBLICANOS GALEGOS EN SANTIAGO

A Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica, a Fundación 10 de marzo, a Sala Nasa, Burla Negra e a Fundación Contamíname **celebrarán en Santiago unha homenaxe ós republicanos e ás republicanas** que construíron a nosa primeira democracia e que están pendentes de recibir o recoñecemento que merecen.

Estes colectivos levan varios meses traballando nos preparativos que culminarán no mes de xuño. O concello de Santiago de Compostela, a Xunta de Galicia e a Deputación da Coruña acolleron moi positivamente o proxecto.

A idea é celebrar en Santiago un evento similar ó que tivo lugar na localidade madrileña de Rivas-Vaciamadrid o 25 de xuño de 2004, onde se deron cita 741 octoxenarios, 25.000 espectadores e 27 artistas, entre escritores, actores e cantantes.

Así, a finais de xuño, **Compostela** será, durante unha semana, a **capital galega da memoria**. Entre os múltiples actos previstos destaca un **concerto-homenaxe** que reunirá a varias ducias de homes e mulleres que viviron os anos da II República e que en moitos casos conviviron coa súa memoria silenciada. Está prevista a edición deste evento e das testemuñas dos homenaxeados nun disco dvd.

DUCIAS DE OCTOXENARIAS E OCTOXENARIOS GALEGOS RECIBIRÁN UNHA HOMENAXE EN XUÑO

Ademais, desenvolveranse en distintos lugares de Santiago de Compostela outros eventos culturais relacionados coa memoria histórica; entre eles, un ciclo de **documentais** relacionados coa memoria da II República, a Guerra Civil e a Represión Franquista, unha **exposición** sobre as exhumacións de fosas comúns e diversas actividades como **debates, teatro, etc**.

Para máis información, estes son os teléfonos de contacto:

- **Emilio Silva**, presidente da Asociación pola Recuperación da Memoria Histórica: 655 37 45 64
- **Víctor Santidrián**, voceiro da Fundación 10 de Marzo: 630 41 26 72



MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

ASEMBLEA XERAL.- A MESA RENOVOU EN MARZO A SÚA XUNTA DIRECTIVA E ACLAMOU A XOSÉ MANUEL SARILLE COMO PRESIDENTE DE HONRA

Esta entidade sinala o Estatuto "como instrumento para garantir de verdade o dereito de opción lingüística"

A Mesa convoca unha mobilización cidadá para o día 17 de maio, que terá como eixo o novo Estatuto

A Mesa pola Normalización Lingüística celebrou Asemblea Xeral, na cal se aprobou por unanimidade a renovación da xunta directiva desta entidade e o recoñecemento a Xosé Manuel Sarille como "Presidente de Honra". Carlos Callón, o reelecto presidente da Mesa, indicou que Sarille non só foi recoñecido polos "seus importantísimos contributos á Mesa no pasado, sendo presidente fundador da entidade e estando en postos directivos durante 15 dos 20 anos da asociación", se non que "el continúa a ser un referente e un activo imprescindíbel para esta organización, no presente e no futuro".



A Mesa celebrou un acto de feche da súa asemblea no cal estiveron presentes, entre outras moitas delegacións convidadas, a Conselleira de Cultura, o Conselleiro de Medio Rural, a Vicepresidenta do Parlamento Galego, o Presidente da Comisión de elaboración do novo Estatuto no Parlamento galego, o tenente alcalde de Santiago, etc, ademais de representantes de CIG, CC OO e UXT.

No acto de clausura, presentado por Carlos Blanco, interviron o socio de maior idade, Avelino Pousa Antelo, e tres dos colaboradores de menor idade (Alexandre, Aldán e Ramón Daniel), como exemplo da transmisión da loita en defensa da lingua. O Presidente de Honra, Xosé Manuel Sarille, recordou que cando se fundou A Mesa en 1986, "en Galiza triunfaba o desencanto, ese clima social posterior á euforia que producira a transición política" e fixo unha semblanza emotiva dos 20 anos da Mesa, recordando o contributo imprescindíbel de moitas persoas para conseguir consolidar este movemento nacido da cidadanía.

Na súa intervención, Carlos Callón, fixo un chamamento á mobilización cidadá o día 17 de maio "en defensa dun Estatuto que contribúa a solucionar os problemas de discriminación lingüística que continúan a existir en Galiza". Por esa razón, A Mesa propón que o galego apareza "como dereito e deber no novo texto estatutario, no mesmo nivel que o castelán", porque "só así se poderá garantir o dereito de opción lingüística". "A Mesa, que festexa os seus 20 anos ao servizo do galego neste 2006, ten que ser capaz de estar á altura do que o momento histórico demanda. Conseguir que o galego non estea por debaixo do castelán e que exista unha carta de dereitos lingüísticos recoñecida nun primeiro nivel, con todas as garantías, é un dos nosos obxectivos estratéxicos."



LEMBRANZAS DE...

RICARDO PENA

A EMPRESA NACIONAL BAZÁN

Lembro dicir ós meus maiores que esta Construtora Naval no ano 1909, comenzou construíndo buques para a mariña de guerra, baixo a direción de enxeñeiros e técnicos ingleses. Na década dos anos corenta aínda a maior parte do mundo intermedio pertencía a esta mesma nacionalidade; e a partir de aquí, pasou a ser dirixida por un "Consello Ordenador de Construcións Navais Militares", pasando máis tarde a chamarse E.N. Bazán.

Esta Constructora Naval foi a máis importante de España, e creo que tamén unha das mellores de Europa.

Para todos os que traballamos alí durante máis de corenta anos, foi unha grande universidade laboral. Pasando pola escola de aprendices e os moitos e variados talleres, alcanzábase unha calidade profesional de primeirísima clase. Alí nos reuníamos ferroláns e *ferrolterrenses* que motivado por esa convivencia laboral de tantos anos, fíxonos sentir unha irmandade de familia. Son moitos os que se foron, mais vivirán sempre en min coa entrañable lembranza daqueles tempos.

Naquela factoría fabricábanse as turbinas, eixos, caldeiras e todos os servizos da auga, combustible, ventilación, ... etc. E até os mesmos remaches cos que se *cosía* o barco. Pero chegou a modernización da industria e todos os servizos se mercarían a empresas auxiliares. E a partir de aquí se reduciu o cadro de persoal en máis da metade, e incluso se chegou a pechar a escola de aprendices, e todo isto foi o peor para Ferrol e a súa comarca. Pero os tempos estaban cambiando de maneira galopante e había que prepararse para competir ou morrer, porque se en Bazán se vendía o quilo de barco en cen pesetas, en Corea vendiano en cinco duros.

Pronto comezaron as prexubilacións para suavizar un pouco este lamentable problema, cousa que eu tamén aproveitei para incharme de pintar paisaxes da nosa fermosa Galicia.

Naqueles lonxanos tempos, o ruído do Arsenal (que así era coñecido por todos) sentíase en toda a comarca e a grande distancia. O remachado, retacado e ruído doutras máquinas, formaban unha especie de concerto que anunciaban ós catro ventos a saúde e vitalidade da grande industria naval.

Son moitos os barcos que lembro saír deste estaleiro; e os máis lonxanos na miña memoria son os que vin saír ó mar dende un terreo que tiña a miña avoa Francisca alá no Alto do Sartego (Fene) cando eu tería uns nove ou dez anos. E, seguramente esta botadura correspondeu á dous cruceiros tipo Cervera, cuxos nomes foron cambiados no ano 1931. O de Príncipe Alfonso por Libertad e o outro pasou a chamarse República.

Ó igual que moitos dos meus compañeiros que, durante máis de corenta anos formamos a plantilla do persoal desta empresa, podiamos contar moitísimas anécdotas, e algunhas delas recollidas dos nosos predecesores, tales como a do leite dos pintores. A todos os buques en construción se lles coñece por un número de orde. E, resulta que, un compañeiro que se chamaba "Doce" vivía no "Trece" e traballaba no "Catorce". O querido Luciano (que así se chamaba) foi máis tarde o mestre do taller.

Neste mesmo taller había un mozo que prestaba os seus servizos nalgúns labores de pouca importancia e sobre todo de recadeiro para levar papeis entre oficinas. E un bo día (malo para el) quedou durmido entre unhas pranchas de aceiro, e con tan mala sorte que o cazou o mestre e mandouno castigado durante uns días. O pobre rapaz foi contarlles o caso a uns operarios, e estes lle din: "... volve xunta ó mestre e dille que non te castigue, que non sexa fillo de puta". E dito e feito: volve ante o mestre e dille: "Señor Taboada, non me castigue, non sexa fillo de puta.

Faríanme falla moitas cuartillas para continuar coas anécdotas, pero hai unha que, non hai moito comentei co meu bo amigo e destacado futbolista Modesto.





«Esta Constructora Naval foi unha grande universidade laboral. Pasando pola escola de aprendices e os moitos e variados talleres, alcanzábase unha calidade profesional de primeirísima clase».

Había un mestre de electricidade, que non lembro o seu nome, pero era coñecido por "el maño". Este home case sempre andaba acompañado dun tal Núñez, encargado tamén do mesmo gremio.

Este home era moi falador e case todos os seus temas estaban relacionados con Bos Aires, onde pasara unha boa parte da súa vida. El maño, polo contrario, case sempre falaba de fútbol; e un día dille a Núñez: "... mira, cando eu falo de fútbol, ti cala a boca, porque ti desto non sabes nada". E lle di Núñez: Cho parece a ti. Eu en Bos Aires xoguei no "River Plata" é lémbrome ben que a primeira vez que fun adestrar lle peguei unha patada a pelota, que subiu tan alta que os meus compañeiros quedaron todos mirando cara ó ceo. E díxenlles eu: Podedes sentaros, porque esta até dentro dun cuarto de hora non baixa".

Volvendo ó número de orde dos buques en construción, parece ser que ó cruceiro Baleares lle correspondía o número 13, pero por aquilo de que este famoso número é o número gafe o pasaron a ser o número 14, deixando o trece para unha barcaza tamén en construción.

Eu nunca crin nin creo nesas tonterías de números gafes ou aparicións e males de ollo; pero a casualidade é que ao famoso cruceiro de pouco lle serviu o cambio de número. Aquela tráxica noite atopábamonos ancorados na baía de Palma de Mallorca. E xa ben entrada a noite, a corneta chámanos a formar en cuberta, cousa que ocorrera outras veces cando se trataba de alarma aérea , pero agora era outra cousa.

En medio daquela penumbra atracan no peirao de Palma uns buques de guerra ingleses descargando "algo" que, ao menos a mariñeiría ignorabamos, pero non tardamos moito en decatarnos de que fundiran ao Baleares e que aqueles buques ingleses recolleran algúns superviventes e tamén cadáveres. Aos poucos días visitamos os hospitais e debo confesar que ao ver aqueles rapaces co corpo desfigurado e queimado, tiven que saír do hospital. ¡Maldita guerra! Moitos ferroláns deixaron alí a súa vida.



MEMORIA ACTIVIDADES ATENEO FERROLÁN

ANO 2005

BIBLIOTECA – HEMEROTECA :

DÍAS: 300 ASISTENCIA ESTIMADA: 700

FONDO LIBROS: 7.100 / REVISTAS: 286 CABECEIRAS / PERIÓDICOS: 106 CABECEIRAS (COLECCIÓNS COMPLETAS) / VIDEOTECA: 414 / PRÁCTICAS ALUMNOS BIBLIOTECONOMIA-CAMPUS FERROL: 100 HORAS (1 ALUMNO)

EXPOSICIÓNS DE PINTURA:

Nº: 7 DÍAS: 105 ASISTENCIA ESTIMADA: 350

CARLOS PORTOMEÑE / SABELA ARIAS / ALICIA FOJEDA BALARI / ESTHER DOMINGUEZ DE LAS HERAS / MARTXE ARANA / PILAR HERNÁNDEZ / ENRIQUE PEREIRA

EXPOSICIÓNS VARIAS:

Nº: 4 DÍAS: 120 ASISTENCIA ESTIMADA: 450

II EXPOSICIÓN DE PEQUENO FORMATO / EXPOSICIÓN HOMENAXE A UN PINTOR FERROLÁN no CENTRO CULTURAL "TORRENTE BALLESTER", ESTE ANO DEDICADO A LUIS JAIME / 15º CERTAME FOTOGRÁFICO DE MEDIO AMBIENTE - EXPOSICIÓN 50 FOTOGRAFÍAS SELECCIONADAS / VINTE ANOS DE MOVEMENTO HOMOSEXUAL EN GALICIA, 1981-2001

CONFERENCIAS – MESAS DEBATE:

Nº: 7 DÍAS: 14 ASISTENCIA ESTIMADA: 850

XORNADAS SOBRE MOBING (Acoso no Traballo) / DEBATE: CUBA-VENEZUELA, ANÁLISE DE DÚAS REVOLUCIÓNS/ DÍA DA REPÚBLICA / CINE E DROGA: O SUBMUNDO DA DROGADICCIÓN / DÍA DAS LETRAS GALEGAS / XORNADAS "RECUPERANDO A MEMORIA HISTÓRICA DA GALIZA" / HOMENAXE A XOSÉ FONTENLA LEAL

ASEMBLEAS – REUNIÓNS (OUTRAS ENTIDADES):

Nº: 22 DÍAS: 120 ASISTENCIA ESTIMADA: 350

A ESCOLA DA VACA / IU - EU / FUCO BUXÁN / BNG / CONSELLO SECTORIAL MULLER / ADEGA / ACOF / MERCADO DA MAGDALENA / AA. VV. / OJE / SINDICATO PERIODISTAS / MARCHA MUNDIAL DAS MULLERES / SGHN / AMICOR / COMITÉ CIDADÁN DE EMERXENCIA RÍA DE FERROL / UNIÓN LIBERTARIA / ASOCIACIÓN BRIGA / PSOE / ASOCIACIÓN CULTURAL XUBILADOS DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA / AGACANT / DEFENSA MONTES DE BRIÓN / DEFENSA CARBALLEIRA DE MENÁNCARO

CONCURSOS – CERTAMES PROPIOS:

Nº: 4 ANUAIS

CERTAME FOTOGRÁFICO "MEDIO AMBIENTE" – ANUAL (15 anos) / CONCURSO DE GAITA GALEGA "CONSTANTINO BELLÓN" – ANUAL (15 anos) / CERTAME DE TEATRO INFANTIL E XUVENIL "ATENEA" - ANUAL – (3 anos) / XORNADAS DA GAITA – Anual (20 anos)

ENCONTROS:

Nº: 8 DÍAS: 90 ASISTENCIA ESTIMADA: 80

CLUB DE LECTURA DIRIXIDO POR ANXELES SEOANE - MENSUAL / CIRPÉN (CÍRCULO DE PENSAMENTO) - MENSUAL / GRUPO POETAS - SEMANAL / COLECTIVO OPAH - SEMANAL / MÉRCORES DE TERTULIAS - SEMANAL / CLUB EUROSAÚDE – MENSUAL / COMITÉ CIDADÁN DE EMERXENCIA RÍA DE FERROL / RECITAIS POÉTICOS

MÚSICA - LIBROS - CINE:

Nº: 6 DÍAS: 80 ASISTENCIA ESTIMADA: 950

MARTES DE CINE / CINE COLECTIVO OPAH – RADIO FILISPIM / XORNADAS DE CURTAMETRAXES / PRESENTACIÓNS LIBROS / CONCERTOS / FESTIVAL FOLCLÓRICO MÉXICO (FIMO)

PUBLICACIÓNS:

REPARTO GRATUITO ESTATAL: SOCIOS /AS, ENTIDADES CULTURAIS, BIBLIOTECAS

REVISTA "ATENEA" – (4 Ó ANO) TRIMESTRAL / CADERNOS ATENEO FERROLÁN: "FERROL CIDADE DA ILUSTRACIÓN" - ANUAL

RELACIÓNS INTERNACIONAIS DE ATENEOS

ATENEO FERROLAN: ASOCIADO E MEMBRO DA DIRECTIVA (VOCAL) DE AIFA (Asociación Iberoamericana e Filipina de Ateneos) / MEMBRO DA ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE ATENEOS.





Juan Galdo

«...as tintas acusan imaxinación e virtude poética creativa, e o meu criterio, os enriquece a técnica de aplicar a cor, pulverizando, cuxo manexo o realiza con suma habilidade. Logrando así interesantes matices e calidades pictóricas» (Laureano Álvarez, Crítico de Arte).

EXPOSICIÓNS

Do **31** de **Marzo** ó **9** de **Abril**:
Pinturas de **ANA ALBERTA**

Do **19** ó **31** de **Maio**:
Pinturas de **CARLOTA CUESTA**

Do **5** ó **30** de **Xuño**:
Fotografías do XVI Certame Fotográfico Medio Ambiente.

EXPOSICIÓN PERMANENTE FONDOS PROPIOS VARIOS ARTISTAS: Segura Torrella, Carmen Chacón, Manuel Patiña, González Collado, Jorge Llorca, Garaizábal, Morquecho, Laxeiro, Correa Corredoira, Mª Manuela, Carlos Villaamil, Xan Xosé Braxe, José Leyra Domínguez, Tomás Barros, Ricardo Pena, Luis Jaime, Juan Galdo ... entre outros moitos.




Ana Alberta

MARTES DE CINE
CICLO SOCIAL

O **Colectivo Opaíí!!** e o **Ateneo Ferrolán** continúan co seu ciclo de música e cine. A entrada é de balde, aínda que haberá a disposición dos asistentes material promocional de apoio ao colectivo: fanzine, camisolas, chapas...

As proxeccións terán lugar no Ateneo Ferrolán todos os Martes as 20:00 h.



Día **4** de **Abril**:

KRAMER CONTRA KRAMER (1979)
Director: Robert Benton
Intérpretes: Dustin Hoffman, Jane Alexander, Meryl Streep. **Duración:** 101'




Día **11** de **Abril**:

OS NENOS DE RUSIA (2001)
Director: Jaime Camino
Intérpretes: Serafín González, Francisco Peñafiel, Juanita Prieto. **Duración:** 93'



Día **18** de **Abril**:

A RAÍÑA CRISTINA DE SUECIA (1933)
Director: Rouben Mamoulian
Intérpretes: Greta Garbo, John Gilbert, Ian Keith. **Duración:** 97'



Día **25** de **Abril**:

CAPITÁNS DE ABRIL (1997)
Director: Maria de Medeiros
Intérpretes: Joaquim de Almeida, Maria de Medeiros. **Duración:** 119'



Día **2** de **Maio**:

SULCOS (1951)
Director: José Antonio Nieves Conde
Intérpretes: Francisco Arenzana, María Asquerino. **Duración:** 99'



Día **9** de **Maio**:

O APARTAMENTO (1960)
Director: Billy Wilder
Intérpretes: Jack Lemmon, Shirley MacLaine. **Duración:** 120'



Día **16** de **Maio**:

O XUÍZO DE NUREMBERG, ¿VENCEDORES OU VENCIDOS? (1961)
Director: Stanley Kramer
Intérpretes: Spencer Tracy, Burt Lancaster. **Duración:** 120'



Día **23** de **Maio**:

CHOVENDO PEDRAS (1993)
Director: Ken Loach
Intérpretes: Bruce Jones, Julie Brown, Ricky Tomlinson. **Duración:** 91'



Día **30** de **Maio**:

MATAR A UN REISEÑOR (1962)
Director: Robert Mulligan
Intérpretes: Gregory Peck, John Megna, Frank Overton. **Duración:** 124'





6 Abril | 19,30 hs

CHARLA - DEBATE:
PENSIÓNS PÚBLICAS

Imparte: JESÚS GARCÍA PARDO
ORGANIZA ***ASOCIACIÓN HESTIA***

7 Abril | 18,00 hs

CHARLAS
ORGANIZA ***ASOCIACIÓN BRIGA***

14 Abril

CONMEMORACIÓN
75 ANIVERSARIO DA II REPÚBLICA

19 Abril | 20,00 hs

CHARLA:
"**O Camiño de San Andrés de Teixido (Lendas e Tradicións)**"
por Andrés Pena.

20 Abril | 20,00 hs

Conferencia:
A Misión Arqueolóxica da Universidade da Coruña no val do Eufrates (SIRIA)

Proxección do audiovisual:
"Desenterrando Oriente. Imaxes da arqueoloxía galega no berce da civilización"
do fotógrafo **Eloy Taboada**.

Presentación a cargo de
JUAN LUIS MONTERO
Profesor da Facultade de Humanidades
e Director do proxecto.

12 Maio | 19,30 hs

ASEMBLEA XERAL ORDINARIA

do ATENEO FERROLÁN.

26 Abril | 19,00 hs

Proxección Cine

Organiza:
ASOCIACIÓN ADMINISTRACIÓN PÚBLICA.

5 Xuño | 20,30 hs

LECTURA FALLO XURADO e INAUGURACIÓN
50 FOTOGRAFÍAS SELECCIONADAS
DO
XVI CERTAME FOTOGRÁFICO MEDIO AMBIENTE.

CLUB DE LECTURA



Tódolos primeiros Martes de cada mes

4 de Abril, 2 de Maio, 6 de Xuño
ás
19,30 horas.

Encontros coa LECTURA,
baixo a coordinación de

ÁNXELES SEOANE

Xúntanse 20 socios e socias tódolos primeiros martes de cada mes para reflexionar e comentar un libro.

Todos os **MÉRCORES**

TERTULIA ás 18 horas.

Todos os últimos **XOVES** de cada mes

AMICOR **ás 20 horas.**



XVI CONCURSO DE GAITA GALEGA "CONSTANTINO BELLÓN"

B A S E S

1.- Poderán tomar parte todos-los gaiteiros que o desexen. As gaitas poderán estar afinadas en calquera tonalidade. A interpretación será sen acompañamento.

2.- REQUISITOS:
Os concursantes deberán enviar ao
Ateneo Ferrolán
Rúa Magdalena, 202-204, 1º
Ferrol:
2.1.- Un CD gravado coa peza ***Muiñeira dos Naciños*, de Xesús Vaamonde Manteiga**, facendo constar na mesma o pseudónimo adoptado.
2.2.- A partitura orixinal dunha peza inédita composta expresamente para este concurso e unha copia da partitura da peza tradicional ou de autor.

3.- PLICAS.
3.1.- Os concursantes deberán enviar o CD nun sobre pechado identificado co pseudónimo adoptado. Este sobre deberá incluírse noutro, co mesmo pseudónimo no exterior e acompañado da seguinte documentación: partituras –orixinal e tradicional–; así como os seus datos persoais: nome, apelidos, enderezo e teléfono.
3.2.- A non cumprimentación dos anteriores requisitos é excluínte da selección para o concurso.

4.- As partituras ficarán en propiedade do Ateneo Ferrolán.

5.- Co obxectivo de promocionar a participación da Galicia do exterior créase un apartado específico, dirixido aos gaiteiros das comunidades galegas da emigración, chamado **Gaiteiro de Soutelo***.

6.- Na final actuarán, como máximo, un total de catorce gaiteiros repartidos do seguinte xeito:
- Dez finalistas seleccionados polas gravacións presentadas directamente ao Ateneo Ferrolán, tal e como se contempla nestas bases.
- Catro finalistas seleccionados segundo se especifica no Premio "Gaiteiro de Soutelo".

Todo-los finalistas vestirán obrigatoriamente o traxe tradicional galego, o cal se terá en conta por parte do xurado.

7.- A interpretación no concurso constará de:
7.1.- Unha peza inédita, creada expresamente para a presente edición do Concurso **Constantino Bellón**, e mais da peza tradicional ou de autor.
7.2.- A interpretación de amba-las dúas pezas, no seu conxunto, non poderá sobrepasa-la duración de 5 minutos.

Todo-los finalistas recibirán unha peza de cerámica deseñada por Sargadelos, baseada nun óleo de Luís Seoane, cedido expresamente pola súa viúva Maruxa Seoane para este concurso, e un Diploma acreditativo da súa participación no Concurso.

8.- A dotación do premio será de
1.800 euros
con dous accésit de
600 euros

9.- **Concurso de composición para Gaita Galega Solista****.

10.- O Xurado cualificador valorará o emprego de xiros e técnicas propiamente galegos por parte dos finalistas e a súa decisión será inapelable.

11.- Como remate do Concurso, os finalistas interpretarán conxuntamente a peza obrigatoria. Para isto deberán traer unha gaita en DO, afinada a 440 Hz.

12.- O Ateneo Ferrolán patrocinará unha gravación do concurso coa edición do mesmo en formato de disco compacto.

13.- O Prazo de inscrición remata o martes 12 de Xullo de 2006.

14.- A final terá lugar na cidade de Ferrol o día 31 de Agosto de 2006.

15.- Aqueles casos non contemplados nestes artigos serán decididos a criterio do Xurado. A participación no concurso implica a total aceptación destas BASES.

** GAITEIRO DE SOUTELO*
(Punto 5 das bases do Constantino Bellón)

a) Co gallo de promociona-la participación da Galicia do exterior no Concurso Constantino Bellón, a Consellería da Emigración convoca o Premio **Gaiteiro de Soutelo.**
b) Poderán participar todo-los gaiteiros dos centros galegos ou institucións da Galicia do exterior.
c) Os concursantes deberán enviar á Consellería da Emigración:
1.- Un CD gravado coa peza ***Muiñeira dos Naciños*, de Xesús Vaamonde Manteiga**, facendo constar na mesma o pseudónimo adoptado.
2.- A partitura orixinal dunha peza de composición inédita, creada expresamente para este premio, así como copia doutra tradicional ou de autor.
d) PLICAS: Os concursantes enviarán o CD nun sobre pechado cun pseudónimo identificador. Conxuntamente, noutro sobre escrito por fóra co mesmo pseudónimo, deberán facer consta-los datos persoais do participante: nome e apelidos, enderezo, país de residencia e nome do centro ou institución galega pola cal se presenta. No mesmo deberán incluír o orixinal da partitura inédita presentada ao premio ó **Gaiteiro de Soutelo** e máis a copia da tradicional ou de autor.
e) PRAZO: O prazo de presentación remata o mércores día 30 de xuño de 2005.
f) PREMIOS: Os premios **Gaiteiro de Soutelo** consistirán na asistencia e participación, cos gastos de desprazamento e estadía pagados, ó concurso Constantino Bellón, que organiza o Ateneo Ferrolán o 31 de Agosto do 2006, na cidade de Ferrol (Galicia).

Haberá catro premios.

*** CONCURSO DE COMPOSICIÓN*
PARA GAITA GALEGA SOLISTA
Requisitos: (Punto 9 das bases do Constantino Bellón)

9.1.- Poderán tomar parte todo-los compositores que o desexen.
9.2.- É obxecto deste concurso premiar a mellor partitura escrita para Gaita Galega Solista, acompañada ou non dun conxunto instrumental composto por un tope máximo de 40 instrumentos.
9.3.- A composición ten que ser inédita, non ter sido estreada nin ter sido premiada anteriormente en ningún outro concurso, nin ter sido obxecto de ningún encargo previo. Terá unha duración mínima de, aproximadamente, 5 min. e máxima de 12 min.
9.4.- Os traballos presentaranse en dous formatos: a partitura orixinal impresa en papel e, a mesma partitura, en soporte informático achegando copia do programa no que estea configurado (agás CORE ou FINALE); no enderezo do Ateneo Ferrolán.
9.5.- Este traballo virá nun sobre pechado identificado co pseudónimo adoptado. Neste sobre deberá incluírse outro co mesmo pseudónimo no exterior e cos seguintes datos persoais no interior: nome, apelidos, enderezo e teléfono.
9.6.- O prazo de presentación das partituras rematará o día 7 de Xuño de 2006.
9.7.- A dotación do premio será de 1.200 euros.
9.8.- O premio poderá ser declarado deserto.

XVI CERTAME FOTOGRAFÍA DE MEDIO AMBIENTE 2006

O ATENEO FERROLÁN, con motivo da celebración do DÍA MUNDIAL DE MEDIO AMBIENTE, organiza un concurso fotográfico para afeccionados e profesionais, que se rexerá polas seguintes :

BASES

TEMA: Estará relacionado coa Ecoloxía nos seus diferentes aspectos (fauna, flora, paisaxe, agresións...). Non se aceptarán a concurso fotografías de pitiños, niños, nin ningunha imaxe que poda implicar sufrimento ou dano dun ser vivo. No caso de imaxes en cativerio, será necesario mencionar dita circunstancia.

PARTICIPANTES: Estará aberto a todas as persoas interesadas no tema, sexan afeccionadas ou profesionais da fotografía.

OBRAS: Cada participante poderá enviar un máximo de TRES fotografías, en branco e negro ou cor, podendo acceder soamente a un dos premios.
Non se admitirán fotografías publicadas ou premiadas noutros concursos. Tampouco se aceptarán colaxes, montaxes, fotografías pintadas nin manipuladas dixitalmente que alteren as imaxes máis alá do que se pode chegar a modificar mediante os procesos de fotografía tradicional.
Os participantes responsabilizaranse así mesmo de que non existan dereitos sobre as imaxes de terceiras persoas, así como de calquera reclamación que poida xurdir sobre as mesmas no que se refire a dereitos de imaxe. Estes dereitos estenderanse a fotografías do autor que teñan unha grande similitude coas presentadas a concurso.

TAMAÑO: Ningunha das fotografías presentadas poderá exceder no seu lado maior de 40 cm., nin este poderá ser inferior a 24 cm. As fotografías deberán presentarse montadas sobre unha cartolina con dous tamaños únicos de 30 x 40 ou 40 x 50cm.

PLICAS: Os participantes indicarán o pseudónimo do autor e o título da fotografía no reverso da cartolina na que deberá montarse cada foto. No interior dun sobre pechado que leve o pseudónimo, figurarán os seus datos persoais: nome, apelidos, NIF, enderezo, teléfono, e-mail e pseudónimo utilizado.

ENVÍOS: As fotografías enviaranse ao seguinte enderezo:
ATENEO FERROLÁN
Rúa Magdalena, 202-1°
CP 15402, FERROL
A organización velará pola correcta conservación das obras presentadas. Aínda así, non se fai responsable de calquera desperfecto que de maneira involuntaria poidan padecer as fotografías.

PRAZO: O prazo de admisión remata o venres 26 de maio de 2006.

XURADO : O xurado estará formado por TRES persoas cualificadas no campo da fotografía. A secretaría recaerá nun representante do Ateneo. A decisión do xurado será inapelable e darase a coñecer o día 5 de xuño, no acto de inauguración da Exposición, coincidindo coa celebración do Día Mundial do Medio Ambiente.
A organización terá o dereito de reprodución das fotografías premiadas, que poderán ser utilizadas libremente e sen compensación económica, con finalidades relacionadas co concurso de Fotografía de Natureza ou coas actividades do Ateneo Ferrolán que non conlevan ánimo de lucro. Para isto e para valorar a fidelidade das copias presentadas os gañadores deberán presentar os orixinais antes de percibir os respectivos premios. En caso de utilizar para a captación das fotografías medios dixitais remitirase o ficheiro en formato RAW e tamén o arquivo do que se obtivo a copia para realizar as comprobacións necesarias.

PREMIOS: 1°: 900 euros 2°: 300 euros 3°: 150 euros

Se as obras presentadas non alcanzasen a calidade necesaria, a criterio do xurado e por unanimidade, os premios poderán ser declarados desertos. Se con posterioridade á concesión dos premios se tivese coñecemento de anomalía ou incumprimento das Bases, procederase á revogación do mesmo, recorrendo a calquera forma adecuada dentro do ordenamento xurídico.


ENTREGA DE PREMIOS: Farase o día 5 de xuño no acto de inauguración da Exposición.

EXPOSICIÓNS: Coas fotografías seleccionadas farase unha primeira Exposición no Ateneo Ferrolán, dende o luns día 5 até o día 30 de xuño. A Organización, facendo uso dos seus dereitos, realizará unha itinerancia da Mostra durante o resto do ano 2006. Dentro da itinerancia contémplase a súa mostra no Outono Fotográfico de Ourense. As fotografías seleccionadas para esta Mostra quedarán a disposición do Ateneo Ferrolán ata o día 31 de decembro.

DEVOLUCIÓNS: Devolveranse aquelas obras que veñan acompañadas dun sobre prefranqueado ou aquelas que sexan recollidas persoalmente no Ateneo Ferrolán, establecendo un prazo de 60 días a partir da clausura da Exposición. Transcorrido o mesmo entenderase que os autores renuncian a calquera dereito sobre as fotos presentadas.

OBSERVACIÓNS: *A participación no Concurso implica a total aceptación destas bases. *Os casos non contemplados nestas BASES serán resoltos polo xurado.

AGRADECEMENTOS: Á Casa da Xuventude de Ourense, por incluír as fotos seleccionadas na súa Mostra, no conxunto de exposicións que compoñen tan prestixioso evento no mundo da imaxe.


ASOCIACIÓN IBEROAMERICANA E FILIPINA DE ATENEOS

Ateneo Ferrolán

CRÓNICA DA ASEMBLEA 2006 DA AIFA

DO 1 Ó 5 DE MARZO EN MAYAGÜEZ (PORTO RICO)

Ateneos asistentes.- PORTO RICO: Ateneo Caribeño (Mayaguez) e Ateneo de Ponce; MÉXICO: Ateneo de Jalisco, Ateneo Amicus Nabor Carrillo e Ateneo de Reynosa; ESPAÑA: Ateneo Jovellanos (Xixón), Ateneo Ferrolán (Ferrol) e Ateneo de Cádiz; PORTUGAL: Ateneo de Coimbra; PARAGÜAY: Ateneo de Asunción; URUGÜAY: Ateneo de Montevideo. ADHESIONES (IMPOSIBILIDADE DE ASISTIR): Ateneo de Santo Domingo (República Dominicana), Ateneo Español de México e Ateneo Riojano (Logroño).

Na primeira reunión fíxose un amplo repaso da situación de A.I.F.A.:

Marcáronse os próximos encontros promovidos por AIFA:

• 16, 17 e 18 de novembro próximo III ENCONTRO INTERNACIONAL DE ATENEOS e I CONGRESO INTERNACIONAL DE PERIODISMO en Xixón.
• 2007 - MAIO - Reunión Anual de AIFA en Asunción (PARAGÜAI)
• 2007 (Setembro / outubro). Congreso de ARTE SACRO en PUEBLA (México), apoiada polos ATENEOS MEXICANOS.

Pedíronse ideas para o establecemento dun premio literario por AIFA (investigación histórica, novela, etc.).

A cota anual quedou establecida en 150 $.

Acordouse complementar as comunicaciones entre os Ateneos, a través de internet.

A publicación dunha Revista de AIFA acordada en México, aínda non foi posible. Decidiuse darlle un impulso e sacala xa.

Tamén quedou recollido participar nas actividades que prepara o Ateneo de Cádiz con motivo do bicentenario da Constitución de 1812 (a Pepa).

Así mesmo a Directiva asumiu facer as xestións en España para conseguir axudas para a restauración das sedes dos Ateneos de Mayagüez (Porto Rico) e de Asunción (Paragüai) que contan con edificios históricos singulares en propiedade pero en estado ruinoso. Comprometéronse a enviar documentación para facilitar as xestións.



Colección de publicacións-agasallo dos Ateneos que acudiron a Porto Rico

Propúxose que cada Ateneo da Xunta Directiva asuma unha vocalía daquela actividade cultural da que é experta.

Outro dos resultados das catro reunións celebradas foi la elección da nova directiva e o esbozo dun plan de traballo da mesma.

NOVA XUNTA DIRECTIVA DE A.I.F.A.

Delibérase amplamente a nova regulación da Xunta Directiva que quedou constituida por:


- D. Arturo Azuela, designado Presidente Emérito e nomeado Ateneísta Fundador da A.I.F.A.
- D. José Luis Martínez Martínez, Presidente da A.I.F.A.
- Ateneo Ferrolán, España, Vicepresidente 1°
- Ateneo Dominicano, Rep. Dominicana, Vicepresidente 2°
- Ateneo de Coimbra, Vicepresidente 3°
- Ateneo del Caribe en Mayagüez, Porto Rico, Vocal
- Ateneo de Cádiz, España, Vocal
- Ateneo de Reynosa, México, Vocal
- Ateneo Amicus Nabor Carrillo, México, Vocal
- Ateneo Paraguayo, Paraguai, Vocal
- Casa de la Cultura Ecuatoriana, Ecuador, Vocal
- Ateneo de Santander, España, Vocal
- Ateneo de Santiago de Chile, Vocal
- D. Jaime Valenti Abreu, Secretario Xeral
- Dª Maria Paz Pedroche Pozo, Vicesecretaria

Membros da Xunta Directiva que quedan vacantes por ter cumprido o periodo de catro anos do seu mandato sen ter sido reelexidos:

Vicepresidente 3°: Ateneo Español de México, pasando ao cargo de Ateneísta Fundador a Dª Leonor Sarmiento Pubillones

Vocal do Ateneo de Ourense, España, pasando o cargo de Ateneísta Fundador ao Socio D. Antonio López Morais.


San Xoan de Porto Rico



FEMINISMO VERSUS PACIFISMO SOBRE *TRES GUINEAS* DE VIRGINIA WOOLF

Por Isabel Lodeiro Vales

PARA INES



Quero hoxe facer unha reseña do libro «Tres guineas» (1) de Virginia Woolf, non sen antes confesar que cheguei a esta obra excepcional, por un libro que caeu nas miñas mans de casualidade «Pensamento pacifista»(2) e, onde atopei algunhas referencias a este libro do que vou a falar, o que me levou a lelo avidamente pois nel atopei algunhas das respostas que eu estaba a buscar cando se instauraba en min o inverno ferrolán.

O presente libro, publicado no ano 1938, en vésperas pois da Segunda Guerra Mundial, xorde para dar resposta a unha pregunta que lle fai un home culto e amigo de Virginia sobre cómo poden as mulleres evitala guerra, para o cal o libro comezará dando resposta a esta pregunta para o cal debemos de situarnos en que Virginia Woolf vainos falar dende a voz que ela representa, é decir, a de filla dun pai con educación.


Así mesmo, a primeira parte do libro é un discurso que se constrúe sobre a ficción de contestar a tres cartas que son –a primeira delas– a deste home culto do que falabamos máis arriba, a dunha tesoureira dun colexio universitario feminino e a doutra tamén tesoureira dunha asociación que apoia a inserción das mulleres no mundo do traballo. Para contestar a estas tres cartas Virginia válese de fontes coma a historia, a biografía, e o xornal.

Así pois, e en primeiro termo, Virginia comeza o libro concedéndolle a primeira das tres guineas que vai conceder no relato, ó home culto a cambio de que as fillas de pais con educación poidan estudar igual que o facían os seus irmáns e, para os que se dedicaban por eses anos tódolos fondos, quedando así as mulleres relegadas ás tarefas domésticas ou ben coma outro destino o do matrimonio que as anulaba coma persoas, pois pasaban a depender dun home. En definitiva, o que reclama Virginia Woolf ó seu amigo é que as mulleres poidan acceder a unha educación para poder conseguir un traballo co fin de non estar totalmente xustapostas ós dictames do home. Nesta primeira parte do libro Virginia analiza a influencia que tiveron ó longo da historia as mulleres fillas de pais con educación e, lémbranos a importancia que tivo no ano 1919 o feito de recoñeceren ás mulleres o acceso ás profesións pois, con este dereito gañouse unha maior influencia, xa que cos cartos que gañaban podían criticar e non ter que mostrarse aquiescentes de continuo.

Agora ben, como prosegue Virginia, con esta influencia non é dabondo pois aínda hai diferenzas substanciais entre os homes e as mulleres coma que os homes posúen por dereito propio todo o capital e non a través do matrimonio como lle acontece ás mulleres e, é por isto que Virginia Woolf reclama como punto moi importante para as mulleres que ela representa a educación para así poder evitala guerra, xa que con esta educación poderían acadar maior influencia nos homes.

Así pois, prosegue o libro concedéndolle a segunda das guineas a tesoureira do colexio universitario feminino e así recibir a educación universitaria mais, Virginia non fai concesións en balde e as condicións que pon é que se constrúa un colexio diferente onde ensina-las artes da humana relación, a arte de comprende-la vida, a da fala, etc. En definitiva, o que se pretende con este colexio universitario é combina-las artes e non segregar e especializar porque a historia demóstranos que a educación dos vellos colexios non promoven o respecto á liberdade nin o rexeitamento á guerra senón xusto o contrario fomentado, por exemplo, a competividade.

En canto á segunda parte do libro, Virginia remóntanos de novo ós feitos da biografía, que coma dixemos é un recurso que utiliza ó longo de todo o libro e, o que conclúe é que as profesións provocan un carácter combativo, de competividade e, é entón que Virginia se pregunta qué sentido ten exerce-las profesións deste xeito, é decir, qué imos acadar con isto. A resposta parece clara: o que imos acadar é igualarnos ós homes,e, para que isto non sexa así Virginia concede a terceira das guineas á tesoureira da asociación que apoia a inserción das mulleres no mundo do traballo, a cambio de que sexa para axudalas a ingresar nas profesións, sempre e cando non se impida que outro ser humano –calquera que



sexa a súa condición e sempre que estea capacitado para facelo–, exerza esta profesión, é dicir, non llo impedir senón que se faga todo o posible para axudalo.

Mais, Virginia vai máis aló que do feito de conseguir unha profesión para así gañar cartos, porque chega a preguntarse se os cartos son unha posesión desexable e, conclúe que hai que atopar un termo medio pois igual que a extrema riqueza non é desexable, tampouco o é a extrema pobreza; o argumento que esgrime Virginia Woolf é que de pouco nos vai servir gaña-los mesmos cartos cós homes se con iso temos que aceptar todo o que iso conleva e así non imos poder levar unha vida plena, en harmonía e, tendo por conseguinte pouco tempo para os fillos, as amizades, as viaxes, a arte. O que propón Virginia é gaña-los suficientes cartos pero a cambio que nos neguemos a apartarnos da pobreza, a castidade, a burla e a liberdade; defínenos este último termo –liberdade– sinalando que debemos de despoxarnos do orgullo da nacionalidade, e das ideas de relixión, de universidade, de escola, de familia, de sexo, para así conseguila.

Finalmente, na terceira parte do libro –e que adianto que a min me parece a máis interesante– Virginia vainos propor unhas medidas como a de «Desobediencia civil» que a min lémbrame a Thoreau (3), outro gran pensador pacifista, pola crítica que este lle fai ós gobernos, ás leis e á educación.

Nesta parte, Virginia volta á carta do seu amigo na que lle pide que asine o seu manifesto para evita-la guerra e comprometerse a proxecta-la cultura e a liberdade intelectual. Para isto, a nosa autora comeza por analizar o que significa a cultura hoxe en día e como esta pode estar adulterada pola notoriedade e a publicidade e, é por iso que Virginia lle pide ó seu interlocutor que renuncie a dar conferencias , que non apareza en tribunas públicas, que non acepte medallas nin honores, nin títulos para así preservar en estado puro a cultura e a liberdade intelectual.

Pero, Virginia non se queda aquí e, vai moito máis aló no seu pensamento e o que propón é crear unha nova sociedade que ela denomina a «Sociedade das Estrañas», e, esta sociedade tería como primeiro deber o de non loitar con armas e, en caso de guerra, negarse a traballar en fábricas de municións e a coida-los feridos; tamén lles demanda ás mulleres ter unha actitude de indiferenza –por exemplo– perante a palabra patria pois, como se pregunta Virginia Woolf, qué nos deu ás mulleres a patria ó longo da historia se sempre nos tratou coma escravas e denegounos a educación e o comparti-las posesións da patria e, isto é tanto así que ela conclúe que na súa condición de muller non ten patria e que a súa patria en todo caso é o mundo enteiro.

Mais, desta indiferenza seguiranse algúns actos coma o de non participar en manifestacións patrióticas, non da-la aprobación a ningunha manifestación de loubanza nacional, non asistir ás exhibicións militares, etc.

Tamén propón Virginia para esta Sociedade das Estrañas que se comprometan a gaña-la vida para ter unha independencia pero, como non podía ser doutro xeito aínda hai máis; e así, a nosa autora demanda do Estado que lle pague un soldo a aquelas mulleres que teñan coma profesión o matrimonio e a maternidade, que cobren un verdadeiro soldo para lograr acadar que os seus maridos teñan que traballar menos e con iso o traballo quedaría equitativamente distribuído e, finalmente o home tería unha opción para a liberdade, para transformarse nun home enteiro.

As estrañas tamén se obrigarán a adquirir un coñecemento total das profesións e a denuncia-los casos de tiranía ou abuso das súas profesións; comprometeránse así mesmo a abandonar toda competencia, ademais negáranse a exercer profesións contrarias á liberdade en concreto, a de fabricar ou mellorar inxenios bélicos; tamén rexeitarán cargos ou honores que limiten a liberdade e investigarán as actividades de tódalas institucións públicas como a da Igrexa e as Universidades.

Esta Sociedade das Estrañas ten a finalidade última de velar pola igualdade, a liberdade, e a paz pero, coa diferenza de que pretende alcanzalas por outros medios como son o dun sexo diferente, unhas tradicións diferentes, unha educación e valores diferentes que se puxeron á nosa disposición.

Antes de rematar este artigo, quixera facer unha serie de reflexións e de preguntas a nós mesmas.

En primeiro lugar, quero chama-la a atención sobre a actualidade plena que ten este libro malia estar escrito no ano 1938 o cal lle concede un valor enorme a este texto pois non é perecedoiro senón que nos tempos que corren, cobra incluso máis valor, xa que –en plena campaña neste país– tivemos que soportar programas electorais que non aseguraban unha renda básica ás amas de casa como propoñía Virginia.

Por outra banda pregúntome tamén se coñecedes algunha Universidade na que non se fomente a competitividade como propoñía Virginia. ¿Estaremos aínda a tempo de construírmos esa «Sociedade das Estrañas»? ¿A que estamos dedicando as nosas enerxías e cartos as mulleres ou máis ben, que intereses estamos a defender con eses actos cotiáns? ¿Cantas mulleres coñecedes que se deixan condecorar e falan en público? ¿A que obedecen todos eses premios que se nos conceden? ¿Por que cada vez hai máis mulleres que traballan para as Forzas Armadas e nos Estaleiros? Finalmente, pregúntome se seremos quen de conseguir un novo mundo tendo presente este libro e sabendo que non vivimos nun mundo en paz na súa acepción máis pura.

Leamos a Virginia e traballemos a partir do que nos di; é a miña mensaxe de esperanza.

«... pregúntome se seremos quen de conseguir un novo mundo tendo presente este libro e sabendo que non vivimos nun mundo en paz na súa acepción máis pura».

NOTAS.

(1) ***Tres guineas*, Virginia Woolf, Barcelona, Editorial Lumen, 1999.**

(2) ***Pensamiento pacifista*, Enric Prat (ed.), Barcelona, Editorial Icaria, 2004.**

(3) ***Desobedencia civil e Vida sen fundamentos*, Henry D. Thoreau, Santiago de Compostela. Edicións Positivas, 2002.**



O GAS EN FERROL (1883 - 1898)

CONDICIÓNS TÉCNICAS, INICIATIVAS ECONÓMICAS E INTERESES SOCIAIS*

por Mercedes Arroyo
Universidade de Barcelona

O gas era coñecido xa na Antiguidade; pero non sería até os anos iniciais do século XIX –nos que se descubriu que podía ser aplicado como medio de alumeado– que se instalaría nas cidades. Nos seus inicios, utilizouse para iluminar as rúas do espazo urbano cun sistema máis eficiente e estable que todos os medios anteriores e constituíu un vehículo para aumentar a seguridade cidadá. Ademáis de isto, o alumeado público supuxo un importante instrumento de propaganda das vantaxes do novo sistema de iluminación que moi pronto sería adoptado polo sector emerxente daquela época, o sector industrial, ó que se engadirían deseguida comercios e locais públicos.

O alumeado a gas ofrecía a talleres e industrias a posibilidade de aumentar a súa productividade, xa que permitía prolongar a xornada laboral que até entón debía ser interrompida nas horas nocturnas. A comercios e locais públicos –teatros, restaurantes e cafés– aportáballes un complemento de reclamo e de ornato. Pero, sobre todo, o gas acreditaba que as cidades que tiñan instalado ese sistema de iluminación entraron no selecto grupo de cidades europeas e americanas que xa tiñan adoptado esa, no seu momento, importante innovación tecnolóxica.

Por dereito propio, Ferrol tería que pertencer a ese grupo de cidades dende os anos 1860, en que sucesivos consistorios iniciaron as xestións co fin de instalar o alumeado a gas na cidade; pero iso non foi posible até 1883.

No que segue describiremos algunhas circunstancias que incidiron na traxectoria do gas en Ferrol e as condicións que, finalmente, fixeron inviable a súa continuidade. Antes, sin embargo, efectuaremos unha breve síntese do contexto económico e social da cidade.

Ferrol, un enclave importante no noroeste peninsular.
O Ferrol do último cuarto do século XIX era herdeiro dunha longa historia que tivera no século anterior momentos de esplendor; era xa dende a primeira metade do XVIII un enclave importante no Atlántico vinculado esencialmente á construción de barcos para a Armada española. En 1726, Felipe V ordenou a instalación dos Grandes Estaleiros de España no núcleo da Graña, próximo a Ferrol e cuxa construción iniciouse en 1727.


A época dourada da cidade coincidiría coa creación, en 1740, do Arsenal da Real Armada na zona de Esteiro, creación que sería impulsada polo Marqués de Ensenada e que tivo unha importancia decisiva no desenvolvemento da cidade. Seguindo o crecimento do Arsenal, crecería a poboación.

E á inversa, as épocas de declive do Arsenal supuxeron a perda de poboación na cidade, o que constitúe un indicador do grao de dependencia da súa masa laboral respecto das condicións de desenvolvemento das actividades produtivas vinculadas ao Estado. Ao absorber a práctica totalidade da man de obra da cidade, as estructuras dependentes do Estado non favoreceron a creación e desenvolvemento dun tecido de industrias de mediano e pequeno tamaño que constituíse a base dunha demanda particular de gas numerosa.

Unha das razóns do relativo atraso da entrada do gas en Ferrol e non a de menor importancia foi que, aparte das súas ventaxas, o gas era un artigo caro, só apto para ser utilizado en certas actividades que puidesen rentabilizar a súa instalación, como a industria e o comercio, que constituían o tramo de demanda que maior beneficio podía aportar ás empresas gasistas. Se por diversas circunstancias en Ferrol non chegara a crearse un tecido industrial denso, dificilmente o gas podía ser un bo negocio e, en consecuencia, poucas empresas estarían dispostas a correr o risco da súa instalación na cidade.

As condicións de produción de gas no s. XIX.
Debemos advertir que nas primeiras épocas do gas e até ben entrado o século XX, o consumo particular se entendía centrado esencialmente na industria e o comercio, xa que por entón a demanda doméstica era practicamente inexistente. Iso foi debido ó seu elevado prezo que, como se dixo, só podía ser compensado se aportaba maiores beneficios ás actividades económicas. Pero iso non se conseguía sen un moi

«O alumeado a gas ofrecía a talleres e industrias a posibilidade de aumentar a súa productividade, xa que permitía prolongar a xornada laboral que até entón debía ser interrompida nas horas nocturnas».



coidadoso proceso de produción do gas que determinaba a calidade e cantidade da luz obtida; o que estaba relacionado, sobre todo, co tipo de materias primas empregadas.

Certamente, xa no século XIX existían numerosos métodos para obter gas, pero en xeral, o sistema de elección nesa época foi o da destilación das hullas, preferiblemente inglesas. As hullas procedentes das minas do Reino Unido proporcionaban unha luz de calidade e intensidade excelentes e producían un escaso índice de residuos, o que as facía altamente aconsellables para fabricar gas. Sen embargo, a dificultade de utilizar esta materia prima radicaba no elevado prezo que, no caso de España, veíase incrementado por aranceis e portes.

Outro sistema, foi a destilación de pizarras bituminosas, da que se obtiña un aceite coñecido como *schist* que sería rápidamente castelanizado co nome de *esquisto*. A pesar de non ofrecer as mesmas prestacións do carbón de hulla, o esquisto viña a constituír por entón unha materia prima menos cara que o carbón. A partir dunha nova destilación dese aceite, obtíñase o *gas rico*, de elevado poder calorífico pero de reducido valor lumínico. Ésa foi a materia prima elexida para obter gas en Ferrol.

«Os diferentes conflitos entre o Concello e a Empresa estendéronse en ocasións ós propios membros dos diferentes consistorios, moitos deles vinculados economicamente á electricidade».

O gas en Ferrol.

En xaneiro de 1882, o concello de Ferrol formalizou un contrato de subministro de gas á cidade cunha empresa estabelecida en Barcelona, a Sociedade Xeral de Alumeado de España e Portugal. O método de fabricación a partir da destilación dos esquistos pareceu, en principio, unha boa alternativa para non gravar excesivamente o presuposto municipal. Moi pronto sen embargo –practicamente dende a súa inauguración en outubro de 1883– observouse que o resultado era moi inferior do que se esperaba, o que alarmaría a algúns edís.

Poucos meses despois, en xaneiro de 1884, e ante a súa incapacidade manifesta para mellorar a calidade da luz, a Sociedade Xeral de Alumeado de España e Portugal vendería as súas instalacións a outra empresa estabelecida en Barcelona, a Sociedade Catalana para o Alumeado por Gas, coñecida como *La Catalana*. Esa empresa gasista, pioneira en España no proceso de produción e distribución de gas, posuía por entón algunhas fábricas en Cataluña, entre elas a de Barcelona xestionaba con éxito a fábrica de Sevilla. Instalar o gas en Ferrol supoñía para *La Catalana* a posibilidade de pechar un triángulo sobre o territorio español e situar unha instalación productiva nun enclave estratéxico para a chegada dos carbóns ingleses. A historia do gas en Ferrol non confirmou eses bos pronósticos e en abril de 1898 a fábrica pecharia as súas portas definitivamente.

Neses escasos quince anos, influíron de maneira decisiva algúns factores alleos á traxectoria empresarial sobre o que nos estenderemos máis tarde. Polo momento, cabe sinalar que dende o inicio da súa xestión en Ferrol, os representantes de *La Catalana* comprenderon que o sistema de fabricación de gas a partir da destilación de esquistos era escasamente mellorable, sobre todo, no que facía referencia á calidade e intensidade da luz producida; e comenzaron deseguido as xestións necesarias para solicitar do concello da cidade a autorización para cambialos polas hullas inglesas.

Iso levaba aparellado un cambio de localización da fábrica de gas e a conseguinte habilitación dun terreo que se adaptase ó proceso de produción por medio do carbón de hulla, xa que o espazo necesario para almacenar ese tipo de materia prima e os residuos resultantes do proceso de fabricación precisaba dunha maior extensión que para almacenar barrís de esquistos. Alternativas presentáronse moitas, dende situar a nova fábrica no terreo da Horta de Baterías até ocupar os terreos do Matadoiro Municipal e construír outro por conta da empresa gasista, pero finalmente non se chegou a ningún acordo. A fábrica de gas continuou durante toda a súa existencia nun terreo próximo ó Cuartel de Dolores.

En numerosas ocasións, dito cambio de localización pareceu estar a punto de ser unha realidade; pero sempre no último momento presentábase a resistencia de certos individuos integrantes dos diferentes consistorios que se negaron sistematicamente non só ó cambio de localización da fábrica senón, especialmente, ó cambio de materias primas. Se non se trasladaba a fábrica non había posibilidade de cambiar o sistema de produción de gas, o que obrigaba a manter as condicións iniciais do contrato de subministro pactadas coa anterior empresa gasista.

Un aumento considerable dos aranceis provocou, en 1894, o brusco encarecemento dos esquistos, o que marcaría un fito decisivo na traxectoria do gas en Ferrol. Agora xa non se trataba só do cambio de situación da fábrica; o feito de que a materia prima se multiplicase por 51 veces o seu prezo anterior fixo temer que o metro cúbico de gas debería de incrementar o seu prezo de tal maneira que aínda restase máis clientela á empresa. Aumentar o prezo do gas era ir á quebra e non facelo, tamén.

Unha nova serie de xestións ante as autoridades municipais para que permitisen cambiar as materias primas tampouco consiguiu desbloquear a situación. A partir dese momento, concello e empresa só buscaron o xeito de saír dunha situación embarazosa. Por parte dalgúns membros do concello, os intereses pola electricidade eran crecentes; por parte da empresa, non se desexaba chegar á bancarrota.

A fábrica de gas continuou a súa precaria traxectoria até abril de 1898, como se dixo, e se se chegou xustamente até esa data foi sen dúbida pola razón de que ese ano o negocio entrara

nunha espiral de perdas que difícilmente se podía remontar. Ante a imposibilidade de efectuar o cambio de materias primas, a retirada presentóuse como a opción menos desfavorable para a empresa.

O escaso desenvolvemento da industria gasista durante toda a súa permanencia en Ferrol estivo determinado, sobre todo, por dúas razóns principais. Por unha parte, polas presións exercidas por alguns individuos integrantes das diferentes corporacións municipais que mantiñan intereses no negocio eléctrico e que se mostraron reacios a autorizar o cambio de materias primas, ó que aludiremos a continuación. Por outra parte, polo reducido volume de demanda particular, que trataremos despois.

As presións sociais e a competencia entre enerxías.
Un aspecto crucial desta historia está relacionado coa composición dos diferentes concellos da cidade. Dependendo das persoas que ocupasen os diferentes cargos na alcaldía, as cuestións vinculadas ó emprazamento da fábrica e o posterior cambio de materias primas podían avanzar ou quedar estancadas. Pero non só dende o concello se podía exercer presión para evitar ditos cambios, tamén influíron de maneira notable certos individuos do ámbito civil da cidade, o que podía facer derivar os acontecementos cara a unha ou outra solución: cara ó cambio de esquistos a hulla ou cara á persistencia da situación creada.

Os diferentes conflitos entre o concello e a empresa estendéronse en ocasións ós propios membros dos diferentes consistorios, moitos deles vinculados economicamente á electricidade como se dixo. Sen dúbida, o feito de que determinadas persoas que podían exercer un considerable grao de influencia sobre os destinos da cidade mantivesen relacións económicas coa electricidade mostrouse decisivo. A electricidade perfilábase por entón como un novo avance tecnolóxico de consecuencias incalculables.

Pero a entrada da electricidade no panorama enerxético estivo relacionada, tamén, co momento histórico e a competencia entre enerxías. Noutras cidades europeas, a instalación da electricidade no espazo urbano atrasouse debido ás inercias derivadas da ocupación do territorio por parte das redes de gas e, sobre todo, polo feito de que este xa tiña mostrado as súas vantaxes dende bastante tempo atrás e creara un bloque importante de demanda particular.

Durante todo o século XIX e até a consolidación da electricidade, as redes de gas constituirán a única infraestructura de carácter tecnolóxico que se instalou nas cidades europeas. A súa tendencia ó crecemento continuado facilitou ás empresas gasistas dende o principio que o territorio urbano se estructurase á medida dos seus intereses. O crecemento das redes creou sinerxias entre oferta e demanda de gas a unha escala descoñecida até entón. A unha maior expansión das redes, producíase unha maior demanda de gas, o que, á súa vez, potenciaba un novo desenvolvemento de todo o sistema de distribución.

Ese non foi o caso de Ferrol, xa que o gas non tivera tempo de crear ese volume de demanda necesario para a expansión da rede e que o negocio gasista avanzase, senón que a época da súa instalación na cidade coincidiu coa emerxencia da electricidade. En Ferrol, o tempo desempeñou un papel negativo para o gas, xa que este non se percibiu por parte da poboación como un avance tecnolóxico. A electricidade era o futuro; o gas, o pasado. Non sería senón moito máis tarde e baixo circunstancias tecnolóxicas moi diferentes que o gas volvería a adquirir protagonismo no sector enerxético.

A demanda particular e a calidade do gas.
Nun momento en que a electricidade entraba xa con forza no imaxinario popular, só a calidade do gas sería quen de frear a súa competencia en Ferrol. Como iso non foi así, a demanda particular de gas de Ferrol aínda se retrouxo máis ante a perspectiva de que finalmente a cidade adoptase a electricidade. A iso sen dúbida uniuse o tipo de materias primas empregadas. En ausencia das condicións de calidade que eran habituais noutras cidades, a fabricación de gas a partir de esquistos estaba en franca desvantaxe respecto non só perante a electricidade, senón perante prcticamente calquera outro sistema de produción de gas e se, ademais, a súa única vantaxe –o seu menor prezo– desaparecía, aínda quedaba en situación máis desfavorable.

Outro factor que desempeñou un papel negativo na escasa implantación do gas na cidade foi o feito de que o Arsenal Militar e os estaleiros –que serían quen de ter formado un bloque importante de demanda– dispuxesen dos seus propios medios de iluminación, o que tampouco axudou a crear un estado de opinión favorable a ese sistema de alumeado. Sen embargo, un gas de calidade tería atraído seguramente tanto ás grandes empresas vinculadas á construción de buques como á demanda particular, da mesma maneira que sucedera noutras cidades industrializadas.

En definitiva, a historia do gas en Ferrol mostra o poder das distintas forzas que interactuaron entre sí. Ós inconvintes vinculados á falta de materias primas adecuadas para a fabricación do gas e a súa escasa aceptación por parte do consumo particular, uníronse a reducida capacidade de decisión dos xestores da empresa gasista, as reticencias das autoridades municipais e as súas vacilacións e intereses entre o gas e a electricidade.

Nota
* Resumo do libro electrónico de igual título da Colección Geocritica Libros de Apoio Edición Electrónica, nº 4. Universidade de Barcelona, Depósito Legal: B. 4131-2006. Ó texto completo pódese acceder dende o sitio web de Geocrítica <http://www.ub.es/geocrit/menu.htm>

Para a realización de dito libro se consultaron as fontes inéditas seguintes:

Archivo Histórico de Gas Natural SDG, S.A.

Arquivo do Concello do Ferrol


Archivo de Protocolos Notariales de Catalunya (Barcelona)

Ilustre Colegio Notarial de Galicia (ACoruña)

Archivo de Protocolos Notariales de Madrid

Biblioteca del Senado (Madrid)

Fondo Particular Rivas Sabater

ARTIGO 

Ateneo Ferrolán

AS PRAZAS E RECANTOS DE FERROL. *IN MEMORIAM*

Aínda que xa se dixo todo, como ninguén atende, hai que repetilo

(André Gide)

por Juan J. Burgoa

Os enxeñeiros e os arquitectos que deseñaron e executaron con criterios racionalistas e innovadores os Arsenais de Ferrol e o barrio da Magdalena incluíron zonas verdes e xardíns públicos nos sucesivos proxectos para a ordenación do espazo entre a nova cidade e os barrios de Ferrol Vello e Esteiro. O proxecto inicial do ano 1751 do enxeñeiro francés Joseph de La Croix levou á creación da Alameda no ano 1784, estendida en principio por toda a fronte do Arsenal, discorrendo de forma paralela ao foxo e a muralla do mesmo. O paseo rectangular de case 600 metros de longo da Alameda prolongábase por camiños arborados que a unían co cadro de Esteiro e co barrio de Ferrol Vello.

A alameda pública de Ferrol, a primeira de Galicia e da que Georges Borrow aínda escribiu o ano 1837 que tiña unha plantación de un milleiro de árbores aproximadamente, foi un exemplo singular e pioneiro na súa época, creando un gran espazo verde e aberto aos cidadáns que ademais –como lembrou nun recente traballo María José Leira– esmorecía o efecto de separación e de afastamento que exercían a muralla e o foxo colocados entre os Arsenais e a nova urbe. Co paso do tempo, o posterior desleixo e abandono desta Alameda, incluíndo a construción do indescritible enxendro do Mercado Municipal, convertérona no espazo máis degradado do Patrimonio Cultural herdado do século XVIII.

«Co paso do tempo, o posterior desleixo e abandono desta Alameda, incluíndo a construción do indescritible enxendro do Mercado Municipal, convertérona no espazo máis degradado do Patrimonio Cultural herdado do século XVIII».

Paseando hoxe polos espazos verdes que foron substituíndo e completando a Alameda orixinal: o Cantón de Molíns, a propia Alameda hoxe de Suances e os Xardíns das Angustias pódese ver como este amplo conxunto transformouse nun lamentable exemplo do descoido integral ao que poden chegar uns xardíns históricos. Trátase dun



Cantón de Molíns

lugar onde se rexistran abondosos actos vandálicos o onde os donos permiten que os seus cans estraguen moitas plantas. Como resultado, moitas das estatuas e monumentos están sucias e pintarraxeadas, as zonas de céspede mal coidadas, o mobiliario urbano de bancos e xogos infantís estragados, moitas zonas de paseo impracticables para os peóns e as variadas especies arbóreas amosan evidentes sinais de descoido.

E como case sempre que paso por alí, vexo pechada a desaproveitada Casiña da Pradeira do Cantón. Triste destino dunha construción que durante moitos anos mantivo unha axeitada función social e cultural para dous dos colectivos máis prioritarios e que maior uso facían dos Cantóns, servindo de hemeroteca para os xubilados e xente maior e de biblioteca infantil para os máis pequenos. Por outra parte e mentres tanto, os responsables do Concello seguen coa teima de dar intermitentes paos de cego no foxo e na muralla do Arsenal, sen lograr transmitir aos cidadáns unha idea clara do que pretenden.

Con referencia ás prazas de España, Armas e Amboage, practicamente xa está todo dito. A primeira, pórtico que foi da entrada na cidade, estragada polos munícipes de antes e polos de agora, por baixo e por riba, está esperando unha solución en superficie que, polo que coñecemos, vai a ser horrorosa. Da segunda das prazas, lugar feo, inhóspito e que perdeu todas as súas características de lugar ilustrado nos anos 1950 ao construír o chamado Palacio Municipal, nin se coñece a solución

que lle espera. Nos queda aos ferroláns a fermosa e emblemática praza de Amboage, o espazo verde máis atractivo e cheo de vida da nosa urbe, esperando que a súa integridade permaneza moitos anos a salvo de certos insaciables depredadores de todos coñecidos.

A fins de século XVIII levantouse o caserón que co tempo sería a sede da Capitanía Xeral nun estratéxico lugar que dominaba o Arsenal e que servía de nexo de unión entre o Campo de San



Xardíns de San Francisco

Roque e o novo barrio da Magdalena. O terreo anexo ao edificio de Capitanía, coñecido como Campo do Xeneral, pasou a converterse no Paseo de Herrera a partir do último tercio do século XIX. Os seus artísticos e xeométricos xardíns deseñados por Andrés Comerma, sobranceados pola estatua de Jorge Juan e a sombra dos frondosos magnolios, estiveron ben coidados ata a recente desaparición e falla de uso da Capitanía Xeral, comezando hoxe a amosar visibles mostras de descoido.

Ao seu carón atópase un amplo conxunto e magnífico balcón panorámico da nosa ría, formado pola Terraza de Mella e os Xardíns de San Francisco, que foi urbanizado e axardinado a partir do ano 1942, cando a Armada entregou ao Concello de Ferrol os terreos en pendente situados sobre o leito do desaparecido río Nuevo. Estes xardíns durante longos anos amosaron unha coidada e elegante disposición dos parterres e roseirais, pero hoxe atópanse nun estado lamentable de conservación.

O histórico obelisco na honra de Churruca, de orixe fonte pública na praza de Armas ata o seu traslado a mediados do pasado século ao lugar actual, atópase co seu baseamento estragado e varias das inscricións do pedestal perdidas. Outro exemplo da curiosa peregrinaxe que sofren os monumentos públicos en Ferrol, o interesante conxunto das estatuas de pedra encalada de Marte e Júpiter e os bancos de serpentina ou pedra de Moeche, procedentes do antigo e fermoso Paseo das Delicias do Cantón de Molíns, atópanse nun estado vergoñento coas esculturas mutiladas e os bancos despoxados dos seus respaldos de ferro forxado.

Desde o ano 1944 Ferrol dispón tamén do Parque Municipal Raíña Sofía, segundo un proxecto do arquitecto Nemesio López e o paisaxista Luciano Turc. Os seus 17.000 metros cadrados construíronse sobre a antigo terreo coñecido como Horta dos Frades, na parte alta do que era o Campo de San Roque. Ademais das especies xa existentes como castaños e eucaliptos, plantáronse outras de interese como magnolios, tileiras, secuoias e pinsapos. O que anos atrás foi un animado e coidado lugar de descanso de maiores e de xogos de nenos, hoxe é un lugar desanxelado e pouco frecuentado, cunhas instalacións didácticas para rapaces pouco visitadas, mentres amosa os seus árbores demoucados e coas súas polas rotas, os vieiros e sendeiros descoidados e os bancos rotos e quebrados, mentres que a fermosa e elegante fonte Wallace, outro monumento viaxeiro, case non destaca entre algún que outro mutilado busto dos famosos persoeiros que a arrodean.

¿ TRABALLOS DE RESTAURACIÓN OU SIMPLES TRAPALLADAS ?

O recente e desafortunado traballo de restauración realizado na histórica fonte de San Roque e a súa contorna foi outra ocasión perdida para levar a cabo unha rehabilitación integral do que era o antigo e histórico campo de San Roque. Debeuse situar a fonte no centro dun óvalo axardinado, substituíndo a pouco axeitada balaustrada posterior de formigón cos seus xerros por dúas escalas envolventes que comunicasen e integrasen nun mesmo plano os xardíns da parte posterior e da parte frontal da fonte, ao tempo que se articulaba este conxunto






Parque Municipal Raíña Sofía e Fonte de San Roque

«Nos queda aos ferroláns a fermosa e emblemática praza de Amboage, o espazo verde máis atractivo e cheo de vida da nosa urbe, esperando que a súa integridade permaneza moitos anos a salvo de certos insaciables depredadores de todos coñecidos».

Non hai nada que non poda ir a peor

(Juan de Mairena)





Praza da Tahona

dun xeito unitario cos xardíns de San Francisco. O resultado é que se malogrou de novo a posta en valor dun dos poucos recantos verdadeiramente interesantes e suxestivos de Ferrol.

Semella que tamén rematou a insulsa actuación realizada nos xardíns situados fronte ao Centro Cultural Municipal, outra desaproveitada ocasión de converter o lugar nun recuncho atractivo para o lecer cidadán, tanto que ni tan sequera se restaurou o xibarizado busto de Sánchez de Aguilera. Por outra banda, chegan alarmantes rumores da desfeita coa que se ameaza á praza da Ilustración, que pola súa categoría e polo seu nome debería constituír un lugar de homenaxe ao esquecido cuarteto de ilustrados ferroláns (Labrada, Alonso López, Caamaño e Varela), dedicándolles un moderno monumento na súa lembranza –na liña actual que seguen as cidades emerxentes de combinar a tradición coas innovadoras formas do progreso–, e no seu lugar semella que unha mente quenturenta pensou nunha peregrina solución decimonona en forma de casiña de chocolate de Hansel e Gretel.

Mais neste intre, a maior ameaza que pende sobre o Patrimonio Cultural de Ferrol e que nos pode converter nun motivo irrisorio dos estudosos e amantes do Patrimonio Etnográfico ao longo de toda Galicia, é o atentado cultural que se vai cometer sobre a valiosa escultura medieval do Cristo da Tahona pola parte dos actuais responsables culturais e urbanísticos da actual Corporación Municipal. Levando ao límite a ignorancia da que veñen facendo gala desde moito tempo atrás, –e segundo informa a prensa coa venia da Dirección Xeral do Patrimonio–, pretenden colocar a devandita cruz figurada como se fose un cruceiro na angosta praciña da Tahona, lugar no que esta obra nunca estivo erixida como tal cruz alta.


A cruz da Tahona, que no seu día puido ser un cruceiro pero que con maior probabilidade foi unha cruz de fornelo que, en contra do que deixou escrito a fantasía de Souto Vizoso, estivo posiblemente ergueita de orixe nas proximidades do convento de San Francisco, dadas as súas especiais características iconográficas e artísticas coas que recolle o drama da Paixón de Cristo. O único seguro é que no ano 1850 foi recollida do chan por un veciño e colocada na fachada dunha casa na praza da Tahona ata que foi retirada da mesma o ano 1987, co que inmediatamente perdéronse e deixaron de estar vixentes os ritos relixiosos e os costumes populares desenvolvidos arredor desta escultura.

Calquera persoa medianamente versada en Etnografía sabe que hoxe o único lugar digno e posible para esta escultura gótica é o Museo (ou quizais Mausoleo?) Municipal, onde xa estivera colocada acertadamente á vista do público cando se recuperou para o patrimonio da cidade; en todo caso cabería unha lembranza na praza da Tahona en forma dunha axeitada placa de azulexos ou mellor de cerámica, deseñada pola empresa galega máis coñecida e que mellor interpreta de forma moderna os nosos sinais de identidade. A solución que nestes momentos pretende o Concello para o Cristo da Tahona é simplemente a montaxe dun espectáculo circense, unha vergonza cultural para a nosa cidade e unha falla de respecto á única reliquia procedente do Ferrol medieval.

«A solución que nestes momentos pretende o Concello para o Cristo da Tahona é simplemente a montaxe dun espectáculo circense, unha vergonza cultural para a nosa cidade e unha falla de respecto á única reliquia procedente do Ferrol medieval».

O Patrimonio Cultural das cidades inclúe as prazas, parques, xardíns e espazos verdes que constitúen o necesario elemento purificador do ambiente urbano así como un lugar para o descanso e solaz dos cidadáns; no caso de Ferrol cómpre lembrar ademais que os xardíns históricos son un Ben Cultural que está protexido pola lexislación vixente. Por outra banda, o novo urbanismo debe dotar de contido a vida cidadá, atinxir unha articulación espacial da urbe e incorporar unha función social de harmonía e relación entre os veciños, cosa que saben moitos arquitectos pero que semellan ignorar os concelleiros da nosa cidade. Estas liñas poden parecer pesimistas, pero o certo é que en poucas ocasións como nos presentes momentos deuse e veuse tal desleixo e abandono das nosas prazas, xardíns e recantos singulares.

Coido que estes simples retrincos sobre algunhas das moitas desfeitas e do desafortunado labor que se está a facer polos responsables das áreas de cultura, turismo, obras e urbanismo en lugares concretos da cidade que afectan aos espacios culturais, ao ocio e lecer cidadán e ás relacións sociais, son un claro e suficiente exemplo do mal traballo que se leva a cabo nestes particulares eidos. Neste último trienio semella que para o Concello de Ferrol, no seu particular concepto da cultura, tan só teñen interese e cabida actividades tales como as sardiñadas, os traballos das palilleiras e as rondallas. 



MOBILIZACIÓNS CONTRA O NOVO CONTRATO DE TRABALLO PRECARIO EN FRANCIA



ELES CHEGABAN COAS SÚAS ARMAS QUE ERAN A PALABRA, Á FOLGA E Á MANIFESTACIÓN,

ELES NON QUERÍAN SER SOMETIDOS ÓS NOVOS CONTRATOS QUE OS LEVARÍAN A TER UNHA VIDA MÁIS PRECARIA E MÁIS ESCRAVA.

ELES QUEIXÁBANSE EN NOME DA LIBERDADE, DE PODER DECIDIR FRONTE Ó GOBERNO UNHA VIDA DIGNA.

FEITOS

Manifestación unitaria contra o CPE (novo contrato precario para a xuventude) e a lei de igualdade de oportunidades, 7 marzo 2006. Un millón de persoas saíron á rúa en toda Francia.

A folga comenzada en Rennes e Toulouse estendeuse a 47 universidades e segue a crecer: Xa están bloqueadas de forma total ou parcial universidades como Nantes, Tours, A Rochelle, Poitiers, Lille-III, así como Nanterre, Censier ou a Sorbona en París. Cada coordinación nacional reflicte o aumento do número de universidades en folga.

O 9 de marzo unha asemblea de máis de 1500 estudiantes votou en Nanterre a continuación do bloqueo da nosa universidade. Pola tarde os folguistas de Nanterre sumámonos a unha manifestación improvisada de estudantes universitarios de todo París que cortou o tráfico das principais arterias da cidade, incluída a praza do Arco de Triunfo.

Do 9 ó 11 de marzo a Sorbona estivo ocupada polos estudantes e sitiada pola policía para impedir o acceso e incluso o aporte de comida ós que estaban dentro. Durante a noite do 10 ó 11 de marzo a policía logrou desaloxar ós ocupantes e no barrio latino producíronse enfrontamentos entre policías e manifestantes.

O 12 de marzo De Villepin prometeu que ía "retocar" o CPE e que os sindicatos poderían aportar as súas propostas.


O reitor da universidade de Nanterre trata de cortar a mobilización e ameazou con pechar a universidade dende esta noite até o 15 de marzo incluído. Os folguistas imos ocupala dende esta noite para mantela aberta ó debate e a mobilización.

DO POR QUE DAS MOBILIZACIÓNS

O CPE ou Contrato de primeiro emprego (Contrat Premières Embauches), foi introducido pola lei curiosamente chamada "de Igualdade de Oportunidades", resposta gobernamental á exclusión da xuventude que protagonizaron as revoltas de novembro. Esta lei inclúe tamén a formación profesional para os maiores de 14 anos con dificultades nos estudos, o traballo de noite para os maiores de 15 ou a supresión das axudas sociais ás familias dos estudantes que faltan a clase.

O CPE foi precedido polo CNE ou Contrato de novo emprego (Contrat Nouvelles Embauches) aprobado polo goberno francés durante o verán de 2005. Este contrato afecta a todos os empregados de empresas de menos de 20 traballadores. Pola súa parte, o CPE poderá ser aplicado a todos os mozos e mozas menores de 26 anos. O goberno fixo saber que o obxectivo final sería a "simplificación da lexislación laboral" mediante a unificación dos contratos de duración determinada e de duración indefinida: o CPE e o CNE serían así un experimento previo dese futuro contrato.

Estes contratos indefinidos teñen un período de proba de dous anos durante os que o empregado ou empregada non poderá defender os seus dereitos. O empresario poderá despedilo en calquera momento e sen necesidade de comunicar o motivo do despido: se o traballador quere sabelo, terá que demandar á empresa. A lei prevé tamén a posibilidade de que a empresa volva a contratar ó mesmo traballador para o mesmo posto, só tres meses despois de telo despedido, o que permitirá ó traballador ou traballadora encadear contratos



«Estes contratos indefinidos teñen un período de proba de dous anos durante os que o empregado ou empregada non poderá defender os seus dereitos. O empresario poderá despedilo en calquera momento e sen necesidade de comunicar o motivo do despido».

precarios até os 26 anos ou eternamente, se ten un CNE.

Esta medida neoliberal supón un retroceso na lexislación laboral anterior a 1968 e un ataque á noción do estado de benestar. Segundo o goberno, a "flexibilización" do mercado laboral facilitará ás empresas a contratación de novos traballadores e traballadoras e fará descender o desemprego. Os seus partidarios afirman, ademais, que o débil crecemento da economía francesa se debe á folganza dos traballadores habituados ás 35 horas e a unha forte protección laboral; o CNE e o CPE servirán entón para "motivar" ós traballadores e traballadoras e favorecer o crecemento económico. Segundo os seus detractores, a situación de precariedade poderá obrigar ós empregados a traballar horas extras e iso non creará novos postos de traballo...

O despido sen motivo facilitará tamén os abusos e a discriminación que xa se producen con frecuencia, mentres que a precariedade durante o período de proba dificultará por exemplo o acceso a unha vivenda. Por iso o berro nas mobilizacións é "C comme chômage, P comme précaires, E comme exploités", é dicir, que o CPE significará Desemprego, Precariedade e Explotación.

Impacto das mobilizacións:

Hoxe fai ó redor dun mes que comenzou a mobilización universitaria contra o CPE, pero foi principalmente a última semana cando esta adquiriu unha grande amplitude. Os bloqueos votados en asembleas xerais de varios centos de persoas permitiron que estas se masificaran e gañaran en representatividade. Ó mesmo tempo, o bloqueo das universidades en folga obrigou a moitos estudantes a saír da súa rutina e adoptar unha postura política no debate sobre o emprego e a precariedade. Isto constitúe xa unha primeira vitoria no sentido de que o debate político se apropiou de todos os espazos, e cada día máis estudantes deciden tomar parte activa na mobilización. Nos piquetes de folga ou nas conferencias organizadas polos profesores, a xuventude discute sobre a democracia, a lexitimidade, a liberdade ou a precariedade laboral, e nas asembleas os debates de máis de dúas horas preceden ás votacións.

O impacto mediático provocou unha caída da popularidade do goberno a causa do CPE. Fronte á folga e os bloqueos cada vez máis difíciles de ignorar, De Villepin prometeu "retocar" o CPE e modificar a Lei de Igualdade de Oportunidades.

Os estudantes mobilizados de toda Francia reclamamos a retirada integral da Lei de Igualdade de Oportunidades e do CNE. Os folguistas de Nanterre loitamos tamén contra a precariedade representada pola Lei Fillon, pola remuneración digna dos estudiantes en prácticas e contra o tratamento represivo dos movementos sociais en Francia. Pedimos a amnistía para os estudantes de instituto que se mobilizaron e foron perseguidos o ano pasado, para os detidos tralos motíns de novembro e para as vítimas da represión do movemento contra o CPE. Estas reivindicacións foron adoptadas na última coordinación nacional que tivo lugar en Poitiers o 11 de marzo.

Non aceptamos a política neoliberal do goberno que só significará máis desigualdade e precariedade para a xuventude. Este proxecto neoliberal xa foi en certa medida rexeitado polos franceses que votaron NON á Constitución Europea; o debate que se xerou entón en torno ós dereitos sociais continúa na discusión actual sobre precarización e o emprego.

A mobilización nas universidades francesas aumenta cada día.

¡Seguiremos adiante!

COMITÉ DE MOBILIZACIÓN DE PARIS X NANTERRE
15 - MARZO - 2006





MANTER A CONTINUIDADE DA REVISTA "ATENEA"

BOLETÍN DE SUSCRITOR OU SUSCRITORA:

APORTACIÓN: 6 • TRIMESTRE
(ENVÍO DE 2 EXEMPLARES)

Os teus datos:

NOME e APELIDOS

ENDEREZO E POBOACIÓN

CONTA BANCARIA (20 díxitos)

ENVÍA ESTES DATOS Ó ATENEO FERROLÁN

PÁSAO A QUEN QUEIRA COLABORAR

CANDO RECIBAS AS DÚAS REVISTAS REGALA UNHA. DIFÚNDEA!

¡ AUTONOMÍA É LIBERDADE !

RESPONDENDO:

CON DATA NOVEMBRO DE 2005 LEMOS NA ATENEA 22 unha chamada "Carta aberta" á Xunta Directiva do ATENEO FERROLÁN. Como Presidente de dita Xunta , e a pesar de non saber o remitente, recollo o guante e paso a contestarlle:

É un principio xeralmente aceptado non responder os anónimos, se ben é certo que Entidades de alto nivel internacional os admiten como método de denuncia de feitos demostrables.

Salvando ese aspecto de anónimo e non considerando demasiado as dúas afirmacións categóricas que se fan de que non hai directiva e da perda de valores tradicionais, entro nos cinco puntos que seguen a continuación, tendo en conta ademais, que todos eles se comentan ás veces entre os socios e socias.

1) **Xoves Teatrais**, é certo que esta creación do ATENEO pasou ás mans do CONCELLO-CULTURA dun xeito pouco elegante. Xa se comentou algunha vez, incluso nesta revista.

2) Conferencias e Mesas de Debate. As posibilidades de realizalas, cada vez son máis escasas, sen máis razóns que a "carestía de vida". Salvo honrosas excepcións, xa ninguén ou case que ninguén fala por "amor á arte". Inventouse o "caché" e se non hai cartos, nada. É verdade que teríamos que exprimir un pouco máis os miolos e conseguir aportacións e colaboracións de profesores da Universidade e doutros estudosos da casa, de Ferrol, que poderían resolver ben esta sección. Pero fai falla un responsable que organice, que propoña, que busque,....

3) Hai dous artistas ferroláns, xa finados por certo, ós que lle dedicamos exposición-homenaxe e non deixaron o cadro estabelecido para formar parte do patrimonio do Ateneo. Son as súas familias as que teñen o compromiso. Nós non renunciamos a iso e cando hai ocasión o lembramos, e dicimos que non só é un agravio para o Ateneo, senón tamén para o propio artista que ben merece ter un cadro seu nos fondos desta entidade que son para todos e todas.

4) Das obras do ATENEO DO SÉCULO XXI non quero falar, en público. Os pasos e xestións que considerei axeitados xa os din. Volverei a insistir logo dun tempo prudencial. É certo, en abril 2004, ATENEA 15, publicamos con ilusión e autorización do Concelleiro de Urbanismo a gran noticia. Dende entón silencio total. Sen comentarios.

5) A implicación en causas ..... discutibles .... difíciles ... "impopulares" no sentido "político" do termo, case é condición básica dun ATENEO, polo tanto estamos no bo camiño. Reivindicación, transparencia, xustiza, libre expresión e tolerancia, iso é o noso.

O PRESIDENTE

P.D.- Terei que pensar que é ben certo todo o contido desa Carta aberta, pois ninguén contestou ou opinou. Espero que o resto da Xunta Directiva tome tamén nota.



CARTA ABERTA AOS XUÍCES DA SECCIÓN SEGUNDA DO PENAL DA AUDIENCIA NACIONAL

Javier Couso Permuy
Madrid, 16 de marzo de 2006

Doe. Non podo negar que doe. Aínda que o esperásemos. A pesar de intuír a man longa do Imperio, a lei do silencio caeu como sal sobre a nosa ferida, sinónimo de fel arroxada contra o noso irmán.

Se ben que ese venres vós, homes da Sección Segunda do Penal da Audiencia Nacional, destes o paso e atravesastes a fronteira que separa o ben do mal. Que mutasteis a cor das vosas almas.

Fernando García Nicolás, Jorge Campos Martínez e Ricardo Rodríguez Fernández, véxovos nos vosos despachos un venres de marzo, filtrando a vosa elección á prensa para collernos desprevidos. Vexo a sombra de corvos negros que xa non vos abandonará nunca e percibo a cada paso que dades o sangue que verteu a esgalla a perna esnaquizada do meu irmán, os intestinos colgando de Taras, a vida machacada de Tareq ou os sufrimentos de tantos outros, aos que legalizastes a morte, bendicindo aos seus asasinos.

Sei que a partir deste venres de marzo recibiranvos de bo grado en Washington, onde de seguro seredes homes de ben, demócratas defensores dos Dereitos Humanos, próceres de rectitude texana, firmes candidatos á medalla do Congreso.

Hai momentos en que un elixe de que parte está, a quen serve e a quen debe lealtade. Na nosa historia, na historia da Humanidade hai miles de exemplos que inspiran a uns e outros. Hai xuíces que bendicen os asasinatos de civís e hai xuíces que intentan perseguilos, hai xustizas pequenas que claudican e outras que aínda sabéndose minúsculas se engrandecen enfrontándose ás inxustizas grandes e poderosas.

Hoxe, non sodes máis que as togas da impunidade, os leguleyos da inxustiza postrados ante os novos nazis que non recoñecen nin Dereito Internacional, nin Xustiza Humanitaria. Vós poñédesvos ao servizo dos que torturan en Abu Gharib, dos que encarceran sen dereitos en Guantánamo, de quen secuestra en Europa, dos que subcontratan a tortura, dos que canonean xornalistas e civís.

Déronvos igual as probas presentadas, as filmacións, as decenas de testemuños, as evidencias, o que se publicou na maioría dos medios de comunicación e o que testemuñaron os xornalistas presentes no lugar dos feitos. Dáme a sensación que sufrides de amnesia ou que a vosa memoria é selectiva e só recolle o que pode exculpar aos militares estadounidenses. Por iso, permítome recordarvos o seguinte:

Que a 3° División de Infantería, é dicir a mesma unidade do exército dos Estados Unidos de América, atacou ese día e no espazo de dúas horas os tres centros onde se ubicaba a prensa independente acreditada en Iraq, bombardeando e canoneando as sedes das televisións Ao Jazeera, Abu Dhabi e o propio Hotel Palestina.

Que a televisión do Jazeera comunicou ao Pentágono os seus datos de posición GPS dous meses antes do ataque.

Que o propio Colin Powel, naquel momento Ministro de Exteriores do goberno estadounidense na data sinalada, declarou a posteriori que non se atacou o Hotel Palestina na campaña aérea, ao ter coñecemento de que nel aloxábanse a maioría dos correspondentes estranxeiros.

Que os medios de visión do carro de combate M-1 Abrahams que efectuou o disparo, son capaces de sinalar con toda claridade obxectivos a máis de catro quilómetros de distancia, co cal o sarxento que fixo o disparo estaba en posesión da plena capacidade técnica para observar que os balcóns do Hotel atopábanse ateigados de cámaras de televisión.

Que durante os 35 minutos anteriores ao disparo non se rexistra combate algún, como está recollido na propia cinta que gravou o meu irmán, dotada de códigos de tempo que sinalan ao segundo o tempo transcorrido.

Que antes do disparo, o carro de combate posicionuse apuntando ao Hotel Palestina durante dez minutos, tempo máis que suficiente en ausencia de combates e segundo os protocolos de actuación do propio exército dos Estados Unidos, para consultar coas seccións G2 e G3 (Información e Operacións) do Estado Maior da División, as cales estaban perfectamente informadas da natureza civil do edificio en cuestión.

Que o día anterior, algúns xornalistas que se atopaban no Hotel Palestina, dotados todos eles e elas de chalecos de protección coa palabra ?PRESS? claramente visible nos seus peitos, estiveron saudándose coas primeiras unidades estadounidenses que calibraban as defensas iraquíes, co cal e debido aos protocolos de actuación de calquera exército moderno, é de supoñer que o informe posterior das devanditas unidades debeu chegar á Intelixencia Militar estadounidense, sinalando claramente a presenza de xornalistas occidentais no edificio.

Que o Hotel Palestina tiña na súa azotea un cartel xigantesco que o identificaba e que podía verse desde o lugar onde se atopaban posicionados os carros de combate estadounidenses.

Que por todas as circunstancias antes sinaladas non se pode falar en ningún caso de ?identificación errónea do inimigo? nin de ?acto de guerra?, xa que existen multitude de indicios, a falta dunha maior investigación, que indican que nos atopamos ante unha violación da Convención de Xenebra da que España é firmante.

Que un dos criterios fundamentais do Dereito Internacional Humanitario é a proporcionalidade na resposta e está fóra de dúbida, que neste caso hai un excesivo uso dela, aínda no suposto da aducida ?identificación errónea?, a cal está por probar.

Moitos anos de traballo custaron aprobar os Convenios de Xenebra, ratificados por 166 Estados e que non son se non, un tímido parche do que nos dotamos as nacións para tratar de aliviar, acotar e limitar polo menos, a dor causada polas guerras.

Cústame entender a vosa omisión da nula colaboración da Xustiza Estadounidense, que malia contar cun convenio bilateral que regula a asistencia en materia penal, negouse sistematicamente a prestar auxilio xudicial, ninguneando os reiterados requerimientos de parte dos instrutores, dando a sensación de que o trato dos estadounidenses para coa nosa Administración de Xustiza é a do amo co vasalo.

Señores xuíces da Sección Segunda do Penal da Audiencia Nacional, acabades de legalizar o asasinato do meu irmán e dos seus compañeiros, estendendo ao tempo unha ?Patente de Corso? que serve como modelo en futuras actuacións delitivas, nas cales só haberá que esgrimir unha suposta ?identificación errónea do inimigo?, para escaparse a toda acción da xustiza.

Teño máis dunha dúbida razoable da vosa honorabilidade e quero que saibades que mentres me acompañen as forzas terédesme enfronte coa mirada limpa, pois eu que nin sequera rocei a morte, podo mirarvos coa cabeza ben alta a vós, que aínda repletos de títulos, loureiros e despachos, un venres de marzo, legalizastes o asasinato do meu irmán.

8 MARZO DÍA INTERNACIONAL DA MULLER



FEMINISMO, SEMPRE IMPRESCINDIBLE

MARCHA MUNDIAL DAS MULLERES

Coordenadora Nacional da Marcha Mundial das Mulleres na Galiza.

O feminismo é un movemento moi variado e plural que ten como obxectivo a defensa dos dereitos das mulleres e a transformación da sociedade patriarcal nunha sociedade en igualdade.

Cando escoitamos falar da ablación do clítoris, das lapidacións por adulterio, da obriga de cubrirse coa burka, de condenar a morte por homosexualidade, sentimos con claridade que o patriarcado está moi presente e fortalecido neses puntos do planeta, pero pode parecernos que é unha realidade allea a nós.

Nos chamados países occidentais está estendida a crenza que as mulleres non precisamos do feminismo porque as sufraxistas reivindicaron e conquistaron o acceso á esfera pública: o sufraxio, o traballo asalariado non proletarizado, a educación superior...

Máis tarde un renovado movemento feminista conseguiu cuestionar algunhas das normas e relacións sociais do patriarcado, tornando controvertidos aspectos do mesmo que antes eran aceptados como normativos, e conquistando dereitos fundamentais como o divorcio, o aborto, a personalidade xurídica, etc.

Agora, coa presión e a sensibilización social, obtemos cotas de representación, leis contra a violencia de xénero, leis de igualdade, etc. ..., pero seguimos observando as enormes dificultades que comporta o noso acceso igualitario ao ámbito público, onde máis que un teito de cristal damos cun auténtico muro de formigón.

Fronte a todo isto, as feministas continuamos, como hai dous séculos, estudiando a nosa realidade, analizándoa, organizándonos, participando desde outras organizacións sociais, desde os partidos políticos, as institucións, o mundo da cultura, porque o patriarcado continua presente na nosa sociedade. Está no número de mulleres asasinadas e agredidas; nos salarios máis baixos e nas condicións de emprego máis precarias; nas dificultades para ocupar postos de direción en todos os ámbitos; no número de mulleres obrigadas a prostituírse polas redes de traficantes; na crecente feminización da pobreza; nas responsabilidades familiares non compartidas; nas dificultades para abortar, para formarse afectiva e sexualmente; na insatisfación coa imaxe corporal que deriva en graves problemas de bulimia, anorexia ou operacións cirúrxicas; na baixa autoestima; no auxe dos integrismos relixiosos e na aceptación das relixións que nos castran e alentan á nosa dominación; na exaltación de valores como a virxinidade e o modelo familiar único...

O FEMINISMO CONTINUA A SER UNHA FERRAMENTA IMPRESCINDIBLE para construír día a día unha sociedade inspirada nos valores da xustiza, a paz, a solidariedade, a liberdade e a igualdade.

MORREU BETTY FRIEDAN,

UNHA DAS FUNDADORAS DO FEMINISMO



Morreu o día do seu aniversario, o 4 de febreiro, cumpría 85 anos

De orixe xudía, naceu o 4 de febreiro de 1921, en Peoria, Illinois. O seu pai foi Harry Goldstein; e a súa nai, Miriam, deixou o seu emprego como editora dun periódico para converterse en ama de casa.

Moi boa alumna, Friedan gañou unha beca para estudar psicoloxía na Universidade de California, en Berkeley, pero rechazou unha bolsa de estudos aínda mellor para non superar a un noivo.

Despois de graduarse, traballou un tempo como reporteira en Nueva York. En 1947 casou con Carl Friedan, un produtor e executivo dunha axencia de publicidade. Tiveron tres fillos antes de divorciarse tras 22 anos de matrimonio.

O seu libro *La mística feminina* (1963) se converteu nun dos máis vendidos na década de 1960 e colocou os cimentos do movemento feminista moderno. Nel aseveraba que ter un esposo e bebés non era todo ó que as mulleres deben aspirar, senón que tamén necesitan desenvolverse individualmente, o que deu de fronte coa política da época na que se produciu un incremento na taxa de natalidade. «Unha muller debe poder dicir, e non sentirse culpable ó facelo, '¿Quen son? e ¿Que quero facer na miña vida?' Non se debe sentir como unha persoa egoísta e neurótica se quere alcanzar metas propias, que non estean relacionadas co seu esposo e fillos», indicou.

Nas décadas de 1960 e 1970, cando predominaron fortes tensións raciais, políticas e sexuais, ela foi unha das voces máis importantes do movemento feminista.

Como fundadora e primeira presidenta da Organización Nacional para as Mulleres en 1966, defendeu posturas en torno ó aborto, salarios iguais para homes e mulleres e permiso de maternidade que parecían ser extremas entón.

Logo, na década de 1990, cando xa tiña máis de 70 anos, Friedan analizou como a sociedade trata ós adultos maiores e concluíu que faino coa mesma negación do seu dereito a realizarse co que o facía coas mulleres 20 anos atrás.

Un informe oficial di que legalizar o comercio sexual é «incompatible coa dignidade e os dereitos fundamentais»

O GOBERNO ESPAÑOL REXEITA QUE A GENERALITAT DE CATALUNYA REGULE A PROSTITUCIÓN POR SER UNHA «PRÁCTICA DEGRADANTE»

A prostitución é «unha práctica intrinsecamente degradante, incompatible cos valores dunha sociedade democrática». Por iso, regular esta «lacra social» supón «un retroceso no camiño á igualdade real entre as mulleres e os homes» e un «importante obstáculo para lograr unha sociedade na que as mulleres poidan vivir libres da violencia dos homes». Con argumentos así, contidos nun informe realizado polo Instituto da Muller, o Goberno rexeita a intención da Generalitat de Cataluña de regulamentar a prostitución nesa comunidade. O documento engade que a iniciativa catalana invade competencias estatais e é contraria a varias normas en vigor, incluida a de estranxeiría, e dos tratados internacionais. Ademais advirte de que permitir a estranxeiros sen papeis exercer a prostitución «abocará a un importante número de mulleres inmigrantes» a dedicarse a ela. Segundo o proxecto catalán, as administracións «promoverán» a regularización das prostitutas estranxeiras.

CHARO NOGUEIRA/El País

«Arrendamento de servizos» entre prostituta e cliente. O propósito da Generalitat de regular a prostitución e limitar o seu exercicio ós burdeles, plasmado no borrador do anteproxecto de Lei de *Limitación de Servizos Sexuais Remunerados* choca coa suxestión do Goberno central. Este é partidario de combater o tráfico de persoas con fins de explotación sexual (ultima un plan específico para iso) e de manter a prostitución na situación xurídica na que se atopa. En España, onde se permite o exercicio voluntario, penalízanse o proxenetismo e o tráfico, que é un fenómeno crecente, segundo os expertos.

Pola súa parte, o Goberno central encargou ó Instituto da Muller un informe sobre o borrador do anteproxecto catalán. O texto sinala que a iniciativa catalana «suporá un retroceso no camiño cara á igualdade real entre as mulleres e os homes, posto que non hai nada máis desigual que a prostitución, e un importante obstáculo para lograr unha sociedade na que as mulleres poidan vivir libres da violencia dos homes».

Contra os tratados internacionais

O informe formula oito observacións á iniciativa da Generalitat. A primeira é a incompatibilidade do proxecto con dous tratados internacionais ratificados por España (estes textos forman parte do ordenamento interno, segundo o artigo 96.1 da Constitución, lembra o informe). Trátase do Convenio de Nacións Unidas para a Supresión da Trata de Persoas e da Prostitución (ratificado en 1962) e a Convención sobre a Eliminación de todas as Formas de Discriminación contra a Muller (ratificada en 1983). Esta compromete ós Estados firmantes a tomar «todas as medidas apropiadas para suprimir todas as formas de trata de mulleres e explotación da prostitución da muller», segundo recolle o informe do Goberno.

Incompatible coa dignidade

«O feito de que España teña ratificados estes dous convenios internacionais que consideran a prostitución como unha práctica incompatible coa dignidade e co respecto dos dereitos fundamentais da persoa implica que a lexislación española, tanto a estatal como a das comunidades autónomas, ten que respectar eses compromisos internacionais», sinala a análise do Instituto da Muller. «En consecuencia», prosegue o informe, «o compromiso dos Estados ratificantes non pode consistir en ningún caso en expandir, facilitar ou profundizar o sistema prostitucional».

Fundamenta a prostitución

O Instituto da Muller considera que o borrador de anteproxecto «regula para fundamentala».

Arrendar a un ser humano

En canto ó contrato civil de arrendamentos de servizos entre a persoa que se prostitúe e o cliente, previsto no texto catalán, o informe advirte de que existen «serias dúbidas» sobre a súa validez. «Un contrato que teña como causa a prestación voluntaria de servizos sexuais se considera nulo, de acordo co artigo 1.275 do Código Civil, posto que ten causa ilícita ó vulnerar o dereito á dignidade da persoa xa que a reduce a unha mercadoría máis que se pode comprar, vender, arrendar e explotar sexualmente con total liberdade», engade. Puntualiza que ese contrato «ten unha causa ilícita, o arrendamento temporal do corpo dun ser humano, normalmente do corpo da muller, á que a cambio de cartos se a despoxa da súa condición de persoa, reducíndoa a simple obxecto de pracer para o cliente».

Relación laboral

O Instituto da Muller tamén arremete contra o contrato entre a persoa que se prostitúe e o titular do establecemento mercantil onde exerce. «Contene elementos propios de unha relación laboral entre empresario e traballador/a, pois a el se atribúe o control dal:o cumprimento da xornada de trabajll», advirte. «Os límites de xornada e de horarios que se impoñen ás persoas que exercen a prostitución voluntaria resultan anómalos en persoas que exercen unha actividade por conta propia».

Exercicio sen 'papeis'

O informe do Instituto da Muller critica a formulación que fai o texto catalán res-

pecto ás persoas inmigrantes sen papeis que exercen esa ocupación. «Con esta lei vaise permitir ás persoas inmigrantes que se encontren en situación ilegal en España o exercicio da prostitución contravindo con isto a lexislación estatal vixente en materia de estranxeiría», advirte. «Esta posibilidade», engade, «abocará a un importante número de mulleres inmigrantes que carezan dos preceptivos permisos de residencia e traballo a dedicarse á prostitución, xa que a administración da comunidade autónoma lles permite, nesta situación, o exercicio desta actividade e non lles permite, na mesma situación, o exercicio doutras actividades alleas á prostitución».

O artigo 51 do borrador da Generalitat sinala: «As administracións promoverán o proceso de regularización das persoas inmigrantes que presten servizos sexuais en Cataluña e, no seu caso, a concesión da autorización de residencia temporal por motivos humanitarios». Distintos expertos sinalaron que a meirande parte das persoas que exercen a prostitución en España son mulleres estranxeiras, con frecuencia en situación irregular (sen papeis).

Sen competencias sanitarias. Sobre o recoñecemento do dereito á asistencia sanitaria ás persoas que se prostitúen, o informe sinala que ese recoñecemento é «unha competencia estatal», do Instituto Nacional da Seguridade Social. «O feito de que a asistencia sanitaria a presten as comunidades autónomas non significa que o recoñecemento dese dereito sexa competencia súa», afirma o Instituto da Muller. No mesmo sentido refírese á concesión ás persoas que se prostitúen do dereito ás prestacións familiares por fillos.

Cliente sen control sanitario. O informe critica que as obligacións sanitarias (controis regulares) só afectan a quen se prostitúe, e non ós clientes. «Se esta lei pretendera protexer a saúde das persoas que exercen a prostitución, trataríase de controlar e examinar, tamén, a saúde dos clientes», conclúe.

«Arrendamento de servizos» entre prostituta e cliente

O anteproxecto de Lei de Limitación de Servizos Sexuais Remunerados da Generalitat catalana, aínda en fase de borrador, ten como obxectivo regular o exercicio voluntario da prostitución e limitalo ós burdeis (véxase EL PAÍS do pasado 25 de xaneiro). Establece, entre outras cousas, que «a relación xurídica derivada do contrato ou pacto entre a persoa que demanda os servizos sexuais e a persoa que os presta se entende que é de arrendamento de servizos». Puntualiza que o contido dese contrato «de prestación sexual remunerada» debe «ser acordado persoalmente por quen presta os servizos sexuais». Esta pode esixir o pago previo, se ben «a remuneración pagada é irrepetible no caso de que non se empezasen a realizar os servizos acordados».

As persoas que exerzan a prostitución deberán ser maiores de idade (igual que os clientes) e exercer esa ocupación de forma voluntaria. Poderán establecer «calquera tipo de contrato con terceiras persoas que cedan o uso de inmobles e outros elementos necesarios para realizar a súa actividade». Este tipo de pactos deberán realizarse por escrito, «de conformidade co modelo de contrato que se aprobe regulamentariamente». Estes contratos deberán inscribirse nun rexistro. Con este tipo de contratos preténdense evitar situacións de explotación ó tempo que permite, de forma indirecta «a creación dun censo», segundo consta nos comentarios do borrador ó que tivo acceso este periódico.

Os contratos entre a persoa que se prostitúe e o titular do establecemento non poderán ter como obxecto a obrigación de prestar un determinado ou determinados servizos, a forma de prestalo ou a persoa que o recibe. As partes poderán pactar o pago pola utilización das dependencias, pero este «non poderá ser unha porcentaxe do prezo pactado entre a persoa prestadora e a receptora do servizo». Tamén poderán acordar a prestación de servizos en distintos establecimientos do mesmo ou distintos municipios. A persoa que se prostitúe nun local «poderá decidir en calquera momento abandonar o exercicio desta actividade sen que incorra en responsabilidade por incumprimento.

No texto establécense entre as finalidades da lei «previr e promover a persecución de todas as formas de tráfico e trata de persoas, a explotación sexual e a prostitución forzosa», «garantir a dignidade e os dereitos» das persoas que se prostitúen e «evitar as perturbacións e molestias ós cidadáns» na contorna próxima ós burdeis.



Ateneo Ferrolán

27 DE MARZO DE 2006
DÍA MUNDIAL DO TEATRO

MENSAXE INTERNACIONAL: VÍCTOR HUGO RASCÓN BANDA (MÉXICO)

UN RAIO DE ESPERANZA

Todos os días deben ser días mundiais do teatro, porque nestes 20 séculos, sempre estivo prendida a chama do teatro nalgún recuncho da terra.

Ó teatro, sempre se lle decretou a morte, sobre todo co xurdimento do cine, a televisión e agora os medios dixitais. A tecnoloxía invadiu os escenarios e esmagou a dimensión humana, intentouse un teatro plástico, cercano á pintura en movemento, que desprazou a palabra. Houbo obras sen palabras, ou sen luz ou sen actores, só maniquís e bonecos nunha instalación con múltiples xogos de luces. A tecnoloxía tentou converter ó teatro en fogo de artificio ou en espectáculo de feira

Hoxe asistimos á volta do actor fronte ó espectador. Hoxe presenciamos o retorno da palabra sobre o escenario.

O teatro renunciou á comunicación masiva e recoñeceu os seus propios límites que lle impón a presenza de dous seres fronte a si que se comunican sentimentos, emocións, sonos e esperanzas. A arte escénica está deixando de contar historias para debater ideas.

O teatro conmove, ilumina, incomoda, perturba, exalta, revela, provoca, transgride. É unha conversa compartida coa sociedade. O teatro é a primeira das artes que se enfronta coa nada, as sombras e o silencio para que xurda a palabra, o movemento, as luces e a vida.

O teatro é un feito vivo que se consume a si mesmo mentres se produce, pero sempre renace das cinzas. É unha comunicación máxica na que cada persoa da e recibe algo que a transforma.

O DÍA MUNDIAL DO TEATRO creouse en 1961 polo Instituto Internacional do Teatro (ITI). O Día Mundial do Teatro celébrase anualmente o 27 de marzo polos Centros ITI e a comunidade teatral internacional. Organízanse diversos eventos nacionais e internacionais para sinalar a ocasión. Un dos máis importantes é a circulación da Mensaxe Internacional tradicionalmente escrita por unha personalidade do teatro de talla mundial na invitación do Instituto Internacional do Teatro.

O teatro reflicte a angustia existencial do home e desentraña a condición humana. A través do teatro, non falan os seus creadores, senón a sociedade do seu tempo.

O teatro ten inimigos visibles, a ausencia de educación artística na nenez, que impide descubrilo e gozalo; a pobreza que invade ó mundo, afastando ós espectadores das butacas e a indiferenza e o desprezo dos gobernos que deben promovelo.

No teatro falaron os deuses e os homes, pero agora o home fala a outros homes. Por iso o teatro ten que ser máis grande e mellor que a vida mesma. O teatro é un acto de fe no valor dunha palabra sensata nun mundo demente. É un acto de fe nos seres humanos que son responsables do seu destino.

Hai que vivir o teatro para entender qué nos está pasando, para transmitir a dor que está no aire, pero tamén para albiscar un raio de esperanza no caos e pesadelo cotián.

¡Vivan os oficiantes do rito teatral! ¡Viva o teatro! 

International Theatre Institute – *Institut International du Théâtre*
UNESCO- 1, rue Miollis, 75732 Paris cedex 15-FRANCE · Tel.: +33. (0)1 45684880 , FAX: +33. (0)1 45665040 · http://www.iti-worldwide.org - E-mail : iti@unesco.org





Celebración do Día do Teatro no Salón de Actos do Ateneo Ferrolán (esquerda) e recepción no Concello (dereita)

A tódolos actores de teatro

Na lembranza dun manifesto de
NON Á GUERRA lido por Pilar Bardem

Transformistas
de luces indirectas
e sentimentos atopados.

Artífices da reinvención
da memoria escénica:
revivides o pasado,
misturades o presente,
e albiscades o futuro.

Ilusionistas,
que sacades do sombreiro
intrigas, emocións
e sentimentos.

Constructores
de soños de cores
neses escenarios multiformes,
sempre abertos ó diálogo
e a liberdade.

Buscadores
das claves das palabras,
proclamades ventos de tolerancia
que percorren
as filas de butacas
e espertan as concencias.

27 - marzo - 2006
Día Mundial Teatro

Xosé Leira López

LAS MUJERES DE MI GENERACION

Las mujeres de mi generación abrieron sus pétalos rebeldes de rosas, camelias, orquídeas y otras yerbas, de saloncitos tristes, de casitas burguesas, de costumbres añejas, sino de yuyos peregrinos entre vientos.

Porque las mujeres de mi generación florecieron en las calles, en las fábricas se hicieron hilanderas de sueños, en el sindicato organizaron el
amor según sus sabios criterios.

Es decir, dijeron las mujeres de mi generación, a cada cual según su necesidad y capacidad de respuesta, como en la lucha golpe a golpe, en el
amor beso a beso.

Y en las aulas argentinas, chilenas o uruguayas, supieron lo que tenían
que saber, para el saber glorioso de las mujeres de mi generación.

Minifalderas en flor de los sesenta, las mujeres de mi generación no ocultaron ni las
sombras de sus muslos, que fueron los de Tania.

Erotizando con el mayor de los calibres los caminos duros de la cita con
la muerte.

Porque las mujeres de mi generación, bebieron con ganas del vino de los
vivos, acudieron a todas las llamadas y fueron dignas en la derrota.

En los cuarteles las llamaron putas y no las ofendieron, porque venían
de un bosque de sinónimos alegres: minas, grelas, percantas, cabritas, minones, gurisas, garotas, jevas, zipotas, viejas, chavalas, señoritas.

Hasta que ellas mismas escribieron la palabra Compañera, en todas las espaldas y en los muros de todos los hoteles.

Porque las mujeres de mi generación nos marcaron con el fuero indeleble
de sus uñas la verdad universal de sus derechos.
Conocieron la cárcel y los golpes, habitaron en mil patrias y en ninguna,
lloraron a sus muertos y a los míos como suyos, dieron calor al frío y al
cansancio deseos, al agua sabor y al fuego lo orientaron por un rumbo cierto.

(Continúa na páxina seguinte)



Las mujeres de mi generación parieron hijos eternos, cantando Summertime
les dieron teta, fumaron marihuana en los descansos, danzaron lo mejor del
vino y bebieron las mejores melodías.

Porque las mujeres de mi generación, nos enseñaron que la vida no se ofrece a sorbos, compañeros, sino de golpe y hasta el fondo de las consecuencias.

Fueron estudiantes, mineras, sindicalistas, obreras, artesanas, actrices,
guerrilleras, hasta madres y parejas en los ratos libres de la Resistencia.

Porque las mujeres de mi generación, sólo respetaron los límites que superaban todas las fronteras.

Internacionalistas del cariño, brigadistas del amor, comisarias del decir
te quiero, milicianas de la caricia.

Entre batalla y batalla, las mujeres de mi generación lo dieron todo y
dijeron que eso apenas era suficiente.

Las declararon viudas en Córdoba y en Tlatelolco, las vistieron de negro
en Puerto Montt y Sao Paulo, y en Santiago, Buenos Aires o Montevideo,
fueron las únicas estrellas de la larga noche clandestina.

Sus canas no son canas, sino una forma de ser para el quehacer que les
espera.

Las arrugas que asoman en sus rostros, dicen he reído y he llorado y volvería a hacerlo.

Las mujeres de mi generación, han ganado algunos kilos de razones que se
pegan a sus cuerpos, se mueven algo más lentas, cansadas de esperarnos en
las metas.

Escriben cartas que incendian las memorias.

Recuerdan aromas proscritos y los cantan.

Inventan cada día las palabras y con ellas no empujan, nombran las cosas
y nos amueblan el mundo.

Escriben verdades en la arena y las ofrendan al mar.

Nos convocan y nos paren sobre la mesa dispuesta.

Ellas dicen pan, trabajo, justicia, libertad, y la prudencia se transforma en vergüenza.

Las mujeres de mi generación son como las barricadas: protegen y animan,
dan confianza y suavizan el filo de la ira.

Las mujeres de mi generación son como un puño cerrado, que resguarda con
violencia la ternura del mundo.

Las mujeres de mi generación no gritan, porque ellas derrotaron al silencio.

Si algo nos marca, son ellas.

La identidad del siglo, son ellas.

Ellas: la fe devuelta, el valor oculto en un panfleto, el beso clandestino, el retorno a todos los derechos.

Un tango en la serena soledad de un aeropuerto, un poema de Gelman escrito en una servilleta, Benedetti compartido en el planeta de un paraguas, los hombros de los amigos guardados con ramitas de lavanda.

Las cartas que hacen besar al cartero, las manos que sostienen los retratos de mis muertos, los elementos simples de los días que aterran al
tirano, la compleja arquitectura de los sueños de tus nietos.

Lo son todo y todo lo sostienen, porque todo viene con sus pasos y nos
llega y nos
sorprende.

No hay soledad donde ellas miren, ni olvido mientras ellas canten, intelectuales del instinto, instinto de la razón, prueba de fuerza para el
fuerte y amorosa vitamina del débil.

Así son ellas, las únicas, irrepetibles, imprescindibles, sufridas, golpeadas, negadas pero invictas mujeres de mi generación.


Luís Sepúlveda



ESPACIO RESERVADO PARA PATROCINADORES

Vista aérea de San Xoán de Puerto Rico
(Tomada de "Spaceimaging")

A IMAXE 



ATENEO FERROLÁN

www.ateneoferrolan.org